Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co marco regulador e protector das verteduras de refugallos nucleares preto da costa galega

- 26802 (10/INT-000862)

Grupo Parlamentario de En Marea

Barahona Martín, Magdalena

Sobre a política da Xunta de Galicia para corrixir a desigualdade que padece a muller e garantir o cumprimento dos seus dereitos

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Xoaquín Fernández Leiceaga, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **moción** para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 21 de febreiro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma do sistema de financiamento autonómico (doc. núm. 24390).

Moción

A) O Parlamento de Galicia demanda á Xunta de Galicia que na reforma do modelo de financiamento autonómico defenda que:

1. Para contribuír a reducir os desequilibrios verticais agravados nos últimos anos, o Goberno de España achegue ao novo modelo de financiamento autonómico os recursos adicionais demandados no Informe da Comisión de Expertos, cun mínimo dun 10% adicional de recursos durante o seu primeiro ano sobre os correspondentes aos resultados do modelo anterior.
2. Ao remate do primeiro período quinquenal de vixencia as comunidades autónomas de réxime común poidan recuperar cos recursos do modelo, a proporción do ano 2009 en gasto en servizos públicos fundamentais (41.9%), no camiño de alcanzar a media do gasto dos países da Unión Europea en termos de PIB en sanidade, educación e política social; mantendo recursos adicionais dabondo para a cobertura do resto das funcións de gasto, tendo de novo como referencia aos países da Unión Europea.
3. A Comunidade Autónoma de Galicia obteña unha parte dos recursos adicionais introducidos no sistema, de xeito que poida manter o seu peso relativo en termos de financiamento por habitante axustado.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. O modelo garanta que Galicia non perde recursos en termos absolutos no seu primeiro ano de vixencia.
5. O modelo garanta a suficiencia dinámica, polo que o índice de evolución a aplicar aos distintos compoñentes do sistema terá como referencia a evolución dos ingresos tributarios totais, coa rede de seguridade de non evolucionar por baixo do PIB nominal.
6. O novo modelo reforce o principio de solidariedade interterritorial mediante a aplicación da nivelación total, en termos de habitantes axustados (necesidades de gasto e custe dos servizos correspondentes ao conxunto das competencias descentralizadas).
7. A efectos do cálculo de necesidades e custe dos servizos deberían establecerse catro bloques (sanidade, educación, política social e resto de servizos)
 - a) A ponderación de cada un dos bloques debe reflectir a situación real do gasto das CCAA, con actualizacións periódicas.
 - b) Para o bloque de sanidade debe recollerse a poboación protexida polo sistema, incluíndo a toda a poboación e ponderándoa por tramos de idade, sendo necesario crear novos tramos por riba dos 65 anos. Incluíndo a dispersión como un elemento relevante do custe.
 - c) Para o bloque de política social compre antes de nada reestablecer os compromisos de financiamento previstos na LAPAD, revertendo a suspensión da aplicación do nivel acordado de protección, e polo tanto o financiamento dos convenios entre a AXE e as CCAA. Para a distribución entre CCAA compre ter en conta a distribución da poboación en

Grupo Parlamentario

tramos de idade por riba dos 65 anos, a probabilidade de experimentar algún tipo de dependencia e a dispersión.

- d) Para a educación debe terse en conta a poboación en idade escolar escolarizada con fondos públicos, así como a poboación universitaria efectiva, así como os efectos da dispersión.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

8. Redefinir a recadación normativa con criterios homoxéneos.

B) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que:

1. Evite toda discriminación entre comunidades autónomas pola aplicación dos mecanismos extraordinarios de financiamento, o que inclúe que:
 - a) Garanta que o subsidio extraordinario por medio de tipos de xuros inferiores aos de mercado que perciben as comunidades autónomas a través dos mecanismos de financiamento por medio dos que a facenda central lles presta liquidez sexa tido en conta, mentres dure, para evitar discriminacións entre comunidades.
 - b) Garanta que unha eventual reestruturación ou condonación de débeda sexa efectuada en condicións que eviten favorecer a algunha comunidade e singularmente a aquelas comunidades que incumpriron de xeito máis habitual os criterios de déficit ou acumularon un maior volume de débeda.

 Grupo Parlamentario

c) Garanta que este mecanismo posibilite o retorno ao mercado de débeda das CCAA.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Retorne ás entregas a conta indicadas na comunicación do mes de xullo de 2017 por parte do Ministerio (e tidas en conta nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2018).

3. Restableza a efectividade do principio de lealdade constitucional, de xeito que devolva ás CCAA o IVA restado con motivo da suba do imposto do ano 2012.

4. Garanta a aplicación efectiva do principio de solidariedade por parte da Comunidade Autónoma do País Vasco, recollido na Lei 12/2002 do Concerto Económico (artigo 2) e da Comunidade Autónoma de Navarra, recollido na Lei Orgánica 13/1982, de reintegración e amelloramento do seu réxime foral (artigo 1).

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/02/2018 13:23:01

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 20395 (10/INT-000675)** debatida na sesión plenaria do 21 de febreiro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación co remate dos procesos de concentración parcelaria.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Facer público un informe coa planificación da realización e remate definitivo dos 129 procesos de concentración parcelaria activos actualmente, con prazos realistas baseados no ritmo de execución dos últimos anos, do orzamento dedicado a este programa e ao seu grado de execución recente.
- 2) Comprometerse a abandonar un modelo de concentración desenvolto nos últimos anos, obsoleto e insostible ambiental e economicamente, e apostar por unha xestión da terra respectuosa coa biodiversidade, coa sostenibilidade económica, coa conservación dos solos agrarios, a partir de estudos rigorosos de demanda.
- 3) Ter vontade política e dedicar os recursos suficientes para evitar a reforestación forestal en solos agrarios en xeral e os concentrados en particular.

- 4) Reorientar a política do Banco de Terras e dedicarlle os recursos necesarios para que sexa un instrumento útil para a mobilización da terra marcándose como obxectivo revertir a tendencia constante de perda de superficie agraria a favor da reforestación con especies forestais, principalmente eucalipto.
- 5) Elaborar con carácter de urxencia un Catálogo de Solos de Galiza, onde se clasifiquen en función das súas aptitudes, co obxectivo de ser a base da súa conservación, e un instrumento imprescindible na ordenación territorial.
- 6) Neste senso dito catálogo será incorporado de inmediato e antes da súa aprobación definitiva no Plan Básico Autonómico.”

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/02/2018 13:10:42

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 20 de febreiro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación co Plan extraordinario de estradas do Goberno central (10/INT-000774, documento número 23197)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Fomento que a través da planificación posta en marcha polo mesmo, nos anos 2018/2019, se efectúe a licitación das obras das autovías seguintes:

- Novo trazado na A- 55 entre Porriño e Vigo e que conectaría coa A-52.
- A-74 ou autovía da Mariña, conectando San Ciprián e Barreiros, para enlazar ca A-8.
- A – 56 que conectaría Ourense coa A-54 para acadar a cidade de Lugo.
- A – 57 que transcorrería nunha primeira fase dende Ponteareas a Pontevedra.
- A – 59 que conectaría ca A-57 e transcorrería dende Vilaboa ata Peinador.
- A – 76 que conectaría Ourense ca saída/entrada central de Galicia ata Ponferrada.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/02/2018 14:17:23

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/02/2018
14:17:28**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

En decembro de 2016 o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba na Cámara galega unha batería de iniciativas para preguntar ao Goberno galego polo risco, segundo denunciaban os traballadores de Adif, da reestruturación do servizo de venda de billetes de tren en sete estacións galegas: catro delas, na provincia de Ourense, unha na contorna de Vigo, outra no Baixo Miño e outra máis no sur de Lugo. Por elas pasan cada ano case 200.000 persoas que soben e baixan dos trens de Renfe. Dita decisión suporía deixar importantes núcleos de poboación sen o servizo presencial de información e venda de billetes e implicando, nalgúns dos casos o peche e estacións que quedarían sen persoal. Unha decisión que afondaría no deserto demográfico no que se está a converter o noso medio rural.

O que noutroa era unha única empresa pública está a ultimar entre as dúas compañías en que se dividiu o traspaso da venda de billetes e información ao público. Tratábase de que este servizo que agora presta Adif, sexa xestionado por Renfe-Viajeros. O proceso de transvase do persoal, avanza nas estacións das sete cidades e máis na de Vilagarcía, onde 82 persoas desenvolven estas funcións. Non entanto, nin Renfe nin Adif estaban daquelas a incluír a venda de billetes nin a atención ao público nas estacións nas que estes labores non é realizado por persoal do departamento comercial, senón no de circulación. Renfe, ao cabo, non prevía asumir este persoal, e Adif afirmaba que non o mantería senón ocupa tempo dabondo en labores alén das comerciais.

En xaneiro de 2017 o Grupo Parlamentario Socialista preguntaba en Pleno á conselleira de Infraestruturas e Vivenda por esta situación. A resposta da conselleira, segundo se reflicte no propio Diario de Sesións da Cámara, apuntaba ao cambio de funcións do *“persoal de ADIF Circulación, que aínda que non fora o seu cometido principal, realizaría as funcións de*

 Grupo Parlamentario

información e venda de billetes, o que en ningún caso suporía mingua de postos de traballo”

Recentemente coñecíamos a intención de Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións do Barco e A Rúa-Petín. A entidade publicou no seu perfil do contratante a licitación dos servizos de información, atención ao cliente, venda de billetes e servizos básicos e complementarios de ambas as estacións, con senllos contratos por 12 meses e un importe de 41.792 e 40.378 euros respectivamente.

En canto ao perfil do futuro persoal de atención ao público, o prego de prescricións técnicas establece que han de ter unha formación como mínimo de ESO ou equivalente, falar perfectamente galego e castelán e ter coñecementos básicos de inglés ou de francés, así como dominio no uso de contornas informáticas a nivel de usuario. Segundo afirmou o sindicato CXT, no caso destas dúas estacións ourensás afectaría a unha media de 160.000 viaxeiros anuais, cos datos de 2016, ano no que se venderon na estación do Barco de Valdeorras máis de 14.000 billetes e máis de 10.000 na da Rúa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o mantemento da venda de billetes de tren das estacións da Rúa-Petín e do Barco de Valdeorras, así como que este servizo siga sendo público.

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/02/2018 18:49:14

Raúl Fernández Fernández na data 16/02/2018 18:49:20

María Luisa Pierres López na data 16/02/2018 18:49:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/02/2018 18:49:29



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Debido ao retraso e abandono da infraestrutura ferroviaria en Galicia e a falta de vontade política para dinamizar o transporte por este medio, o transporte por estrada soporta a práctica totalidade dos movementos loxísticos que transcorren dentro do noso territorio.

A AP-9 é, ademais de cara, pouco atractiva para o transporte de mercadorías. Así o demostra o escaso tráfico de camións que presenta. A pesar de ser a terceira autoestrada do Estado en número de vehículos e en ingresos anuais (138,6 millóns de euros en 2016), é a número 18 no que respecta a volume de camións.

A AP-9 ten nestes momentos a porcentaxe de camións máis baixa dende o ano 2009. Só 1.888 dos 22.659 vehículos que transitan por ela son vehículos pesados. Un descenso tan significativo non pode atribuírse a mera casualidade. A que pode deberse? O aumento indiscriminado das súas tarifas seguro que ten moito que ver. Os prezos son tan altos que os camioneiros e camioneiras prefiren asumir os riscos que entraña conducir por estradas en peor estado.



Esta situación supón un inconveniente para o desenvolvemento económico e social de Galicia, provocando molestias á cidadanía, perda de competitividade nos transportes e maior sinistralidade.

Nas vías que transcorren paralelamente á AP9 atópanse algúns dos puntos negros con maior sinistralidade da nosa rede de estradas, como é o Km12 da A55 que leva catro anos consecutivos sendo o punto de maior sinistralidade de todo o Estado, duplicando á segunda autovía con maior sinistralidade.

Outro exemplo é a N550 que transcorre paralelamente á AP9 e concentra unha alta sinistralidade, unha vía cunha altísima intensidade media de vehículos diarios e que atravesa moitos núcleos moi poboados, pola que circulan moitos vehículos pesados.

O máis racional coa AP9 é recuperala para o público e transferila a Galicia, xa que é unha autoestrada que transcorre unicamente por Galicia, para que dende a Administración galega se tomen as decisións máis acaídas para defender os dereitos das galegas e o noso desenvolvemento económico, ao tratarse da estrada que vertebra o eixo atlántico de Norte a Sur, a zona de maior dinamismo social e económico de Galicia.

Mentres esa situación non se da, debido a intereses alleos ós da cidadanía, entendemos que a Xunta de Galicia debe utilizar a súa posición na Comisión da AP9 para acadar todas as melloras que sexan posible para os intereses de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Instar ao Goberno do Estado a que faga todos os trámites necesarios para acadar unha rebaixa nas peaxes da AP9 para os transportistas.
- Defender na Comisión da AP9 unha rebaixa nas peaxes para as persoas transportistas.
- Que dita rebaixa corra a cargo da conta de beneficios de Audasa.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/02/2018 10:38:24

Antón Sánchez García na data 19/02/2018 10:38:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 26413
Data envío: 19/02/2018 11:18:36.740

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza suprimiu a pasada semana a liña de autobús diario directo entre Lugo-Lalín-Pontevedra e Vigo. Na actualidade hai só servizo de transporte público por estrada os venres en sentido Lugo-Lalín-Vigo e os domingos en sentido Vigo-Lalín-Lugo.

Trátase dunha decisión unilateral, que e tomou de maneira escurantista, sen consultar as persoas usuarias e os concellos. Dáse ademais a circunstancia de que a concesionaria, a empresa Monbús, renunciou á antiga concesión e resultou adxudicaria da nova, con unha importante redución dos servizos.

Esta modificación unilateral prexudica gravemente a poboación do concello de Lalín e especialmente ao estudantado que cursa os seus estudos na cidade de Vigo, xa que os novos horarios establecidos son completamente contrarios ás súas necesidades (dirección Vigo os venres, sentido Vigo-Lalín os domingos). A partir de agora, se non se recuperan os anteriores servizos, terán que facer transbordo na cidade de Pontevedra.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 26413
Data envío: 19/02/2018 11:18:36.740

Por outra parte, deuse o caso a concesionaria non aceptou a tarxeta municipal coa que o estudantado realiza viaxes bonificadas. Unha decisión completamente irregular xa que existen convenios asinados para o abaratamento do prezo do transporte.

Esta supresión de servizos enmárcase na política da Xunta de Galiza de reordenación do transporte público que está a provocar un grave deterioro na prestación dun servizo básico para a poboación, principalmente para comarcas do interior que están vendo mermadas as posibilidades de comunicación. Unha realidade que contradí a propaganda do goberno galego a respecto da presente lexislatura como “a do rural”. Se continúan así vai ser a lexislatura “contra o rural”, polas graves consecuencias que a discriminación orzamentaria, a ausencia de políticas autonómicas de reactivación económica, e a continua supresión de servizos básicos está a producir en numerosas comarcas do interior do país.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a recuperar o servizo de bus diario entre Lalín e Vigo, que forma parte da liña Lugo-Lalín-Pontevedra-Vigo.”

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 26413
Data envío: 19/02/2018 11:18:36.740

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2018 11:13:52

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2018 11:13:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/02/2018 11:14:01

Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2018 11:14:03

Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2018 11:14:05

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2018 11:14:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:35
Nº Rexistro: 26417
Data envío: 19/02/2018 11:35:01.137

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. As listas de agarda nos Centros de Saúde de Combarro e Anafáns estanse incrementando como consecuencia da decisión da Xunta de Galiza de non substituír ao persoal sanitario cando está de baixa ou de permiso. Hai esperas de máis de doce días para unha consulta co médico de cabeceira e para as analíticas. Moitas persoas que precisan dun seguimento personalizado agora non poden ser atendidas, ocasionando trastornos no seu tratamento, e en moitos casos vense obrigadas a acudir as Urgencias, co conseguinte colapso deste servizo. O persoal sanitario está a soportar unha sobrecarga de traballo, chegando mesmo a prolongar a súa xornada laboral, ao ter que atender o cupo de compañeiros.

2. O concello de Poio leva xa demasiado tempo esperando por un Centro de Saúde dotado de medios materiais e humanos como correspondería para unha poboación de máis de 17.000 habitantes que no período de verán duplícase. Pero a falta de compromiso da Xunta de Galiza coa Atención Primaria está a deteriorar gravemente a asistencia sanitaria no Concello de Poio. Para dar resposta a esta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:35
Nº Rexistro: 26417
Data envío: 19/02/2018 11:35:01.137

situación e corrixir as graves carencias que existen na actualidade, a Consellaría de Sanidade debe axilizar os trámites para a construción do Centro de Saúde que se merece Poio, e ademais debe asumir o compromiso de manter as actuais infraestruturas sanitarias de Combarro e Raxó.

3. A reforma da Lei de Saúde de Galiza que o PP pretende levar adiante, en contra dunha maioría de cidadáns que así o manifestaron o pasado día 4 en Santiago, ven agravar aínda máis as carencias da Atención Primaria, restándolle recursos materiais e humanos. O Partido Popular está empeñado en cambiar o actual modelo de sanidade pública gratuíta e universal por un sistema privatizado, detraendo recursos económicos públicos e transferíndoos ao sistema privado a través de concertos e desvío de doentes do sistema público. A Reforma da Lei de Saúde que propón está pensada para dotar ao SERGAS de mecanismos legais que permitan baleirar o actual sistema público en beneficio da sanidade privada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Axilizar a construción do novo centro de saúde de Poio, dotado cos medios materiais e humanos que corresponden a unha poboación de 17.000 habitantes que se duplica no verán.

2. Manter os consultorios periféricos de Raxó e Combarro, tal e como ven reclamando a corporación Municipal de Poio.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:35
Nº Rexistro: 26417
Data envío: 19/02/2018 11:35:01.137

3. Mellorar a atención sanitaria que se presta nos centros de saúde de Raxó e Combarro, substituíndo o persoal sanitario cando está de baixa ou permiso.”

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2018 11:28:42

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2018 11:28:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/02/2018 11:28:50



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:35
Nº Rexistro: 26417
Data envío: 19/02/2018 11:35:01.137

Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2018 11:28:52

Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2018 11:28:53

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2018 11:28:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 26425
Data envío: 19/02/2018 12:42:00.331

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a supresión da liña de autobús directa entre Lugo e Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O novo Plan de transporte por autoestrada deseñado pola Xunta de Galiza inclúe a supresión da liña de autobús que unía até o de agora de maneira directa as cidades de Lugo e Vigo. De acordo coa información proporcionada pola empresa concesionaria do servizo manterase tan só os venres e os domingos en dous únicos horarios

A supresión da liña prexudica non só á poboación da cidade de Lugo, tamén a comarcas como A Ulloa e a concellos como o de Lalín que conectaban coa cidade olívica e entre elas a través desta liña.

Cómpre sinalar o agravio comparativo no que se atopa o interior do país a respecto das conexións de transporte terrestre, especialmente na provincia de Lugo cuxa capitalidade é a única de todo o país que apenas conta cun servizo ferroviario, moi precario, á Coruña e Monforte así como escasas frecuencias de autobús entre as súas localidades e comarcas co resto de Galiza.

Alén diso, infraestruturas prometidas desde hai décadas como a autovía Lugo-Compostela continúan aínda sen rematar.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 26425
Data envío: 19/02/2018 12:42:00.331

Neste contexto, as novas liñas e rutas que a Xunta de Galiza deseñou no marco do novo Plan de Transporte lonxe de mellorar a precaria rede de transporte colectivo, está a illar aínda máis o interior.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a restituír de maneira inmediata a liña de autobús directa entre Lugo e Vigo así como a mellorar e adaptar as súas frecuencias para atender as necesidades da poboación das localidades e comarcas polas que transcorre.”

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 26425
Data envío: 19/02/2018 12:42:00.331

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2018 12:36:48

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2018 12:36:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/02/2018 12:36:56

Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2018 12:36:58

Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2018 12:36:59

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2018 12:37:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26539
Data envío: 20/02/2018 12:51:17.652

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á reforma do sistema electoral para adaptalo á realidade actual, profundar no funcionamento democrático das institucións e no pluralismo político, así como no establecemento de mecanismos de participación e decisión cidadá.

O sistema electoral vixente provén nos seus elementos básicos de decisións adoptadas no período da transición inmediatamente anterior ao debate e aprobación do texto constitucional, elaborada nun contexto político e social moi diferente ao actual e nun marco institucional definido pola estrutura centralista do Estado e polas provincias. Este réxime básico foi posteriormente trasladado, xa no marco constitucional, á Lei Orgánica de Réxime Electoral en 1985.

A Lei de Reforma Política e o Real Decreto-Lei 20/1977, de 18 de marzo, unha norma electoral provisional, condicionaron de forma decisiva a evolución do sistema electoral no Estado español, tomando decisións fundamentais en materia electoral, entre elas a aplicación do principio de proporcionalidade a través do método d'Hondt para a asignación de representación e a referencia provincial para delimitar as circunscricións electorais, así como a atribución dunha representación mínima por circunscrición. Este último aspecto podería considerarse lóxico nesa



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26539
Data envío: 20/02/2018 12:51:17.652

época, posto que aínda non existían as comunidades autónomas, nin se empezou a debater sobre aspectos da futura estrutura territorial do Estado que habería de figurar na Constitución, onde ademais se estableceu a distinción entre nacionalidades históricas e rexións.

A Constitución de 1978 aceptou en grande parte ese sistema electoral, constitucionalizando eses aspectos básicos mencionados, sen ter en conta que se dotaba dunha nova estrutura territorial do Estado, e impuxo unha rixidez na evolución futura do sistema electoral, que impediu introducir cambios de forma máis flexible en función dos cambios políticos e da evolución demográfica e da sociedade.

Por iso, transcorridos corenta anos daquela normativa que rexeu en todos os procesos electorais celebrados até a actualidade, é necesario abordar unha adaptación á estrutura actual así como aos cambios sociodemográficos.

Porén, as propostas xurdidas nestes últimos anos non inciden na necesaria reforma de aspectos do sistema electoral relacionados coa demarcación electoral ou co método de asignación proporcional, en modificacións para avanzarmos nunha maior equidade do sistema electoral que tamén mellore a calidade democrática das institucións. Recentemente, no marco dunha ofensiva desaforada contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía, o Partido Popular propuxo unha reforma electoral para reducir deputados e deputadas, ou tamén para a elección directa de alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría. Isto é, reformas encamiñadas a distorsionar máis a representación política e institucional respecto da fidelidade e da expresión da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26539
Data envío: 20/02/2018 12:51:17.652

pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. E mesmo contrarias ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control e transparencia das institucións.

Desde o BNG consideramos que se debe actuar en aspectos básicos do sistema electoral, non en simples adaptacións que non removan alicerces dun sistema que impiden reflectir de xeito máis fiel posíbel a vontade democrática e popular.

Un dos aspectos máis relevantes é a superación da provincia como referencia da circunscrición electoral, ao estar baseada nunha figura que evoca unha simple división administrativa decimonónica que, desde o punto de vista dun ámbito de actuación política, foi superada polas comunidades autónomas. Así mesmo, a evolución demográfica acentuou a concentración da poboación, existindo unha desigualdade crecente na distribución provincial dos electores.

Tamén cómpre adoptar sistemas proporcionais directos, e reformar a propia dinámica dos procesos electorais favorecendo campañas adaptadas á sociedade de información e comunicación actual, onde haxa garantías de maior presenza directa de candidatos e candidatas nos medios públicos, e facer efectiva a igualdade entre os xéneros, e finalmente, afondar na participación directa a través de procedementos sinxelos, áxiles e recorrentes de consulta popular directa en todos os ámbitos institucionais sobre decisións que teñan transcendencia relevante, mutando a configuración dos referendos de formas ocasionais de consulta e pulsión da opinión cidadá a un método habitual de consulta vinculante previa á toma de decisións



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26539
Data envío: 20/02/2018 12:51:17.652

relevantes, coa debida información e contraste de opinións de forma aberta e democrática.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate ante o Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:

a) Establecemento da comunidade autónoma como circunscrición electoral en todos os procesos, coa excepción das eleccións municipais.

b) Distribución dos escanos entre as circunscricións en función do censo electoral total, de forma que no prorrateo de escanos compute tamén o censo de electores/as residentes ausentes que viven no estranxeiro.

c) Eliminación da fórmula d'Hondt para asignar a representación nos órganos, substituíndoa polo sistema Hare (de cuota simple) que aproxime o máis posíbel o reparto de escanos á vontade expresada pola cidadanía.

d) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

e) Establecemento obrigatorio de listas alternativas de xénero, figurando en todo caso un mínimo do 50% de mulleres.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26539
Data envío: 20/02/2018 12:51:17.652

f) Fixación da idade de 16 anos para exercer o sufraxio activo.

g) Disposición dos medios necesarios e suficientes para posibilitar o exercicio efectivo do dereito de sufraxio as persoas residentes temporalmente ausentes por estar embarcadas en buques.

h) Regulación que asegure a celebración de debates entre candidatos e candidatas obrigatoriamente en todos os medios públicos de comunicación, así como entrevistas en horarios de maior audiencia das forzas políticas concorrentes ás eleccións.

i) Impulsar un novo modelo de publicidade electoral que facilite a presenza e participación directa nos medios de comunicación das forzas políticas e candidatos e candidatas, e revisando a subvención do mailing postal

k) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.”

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26539
Data envío: 20/02/2018 12:51:17.652

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2018 12:50:25

María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2018 12:50:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2018 12:50:51

Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2018 12:50:53

Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2018 12:50:54

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2018 12:50:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente apareceron novas nos medios de comunicación sobre a posible venda do Pazo de Meirás por parte dos herdeiros do ditador Francisco Franco. Iso podería significar que os Franco se lucren de novo, ingresando varios millóns por un patrimonio roubado ao pobo de Meirás.

Defenderemos todas as vías necesarias para que isto non aconteza e se logre a incorporación do Pazo ao patrimonio público a custo cero.

A urxencia da situación obriga a que os poderes públicos, así como as distintas mesas e xuntas (a constituída pola Xunta e a promovida pola Deputación) definan e precisen canto antes, e á maior brevidade, cal é a estratexia xurídica e procesual para acadar tal obxectivo de incorporación a tal custo cero para as arcas públicas.

En cumprimento da resolución acordada polo Pleno do Parlamento de Galicia polo que se instaba á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, e sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para



o pobo de Galicia, o pasado 29 de novembro constituíuse unha Comisión de Expertos.

Dita comisión tivo tres sesións de traballo e prevese, no mellor dos casos, que estean rematados os traballos e presentadas as conclusións ao fío do verán.

Do mesmo xeito, a Xunta pro-devolución do Pazo de Meirás, promovida pola Deputación da Coruña, desde a súa constitución, ten celebrado varias xuntanzas e encargado varios estudos, inclusive xurídicos, ao respecto.

En efecto, A Xunta coñece perfectamente o réxime de tutelas e garantías en suposto de transmisión dun BIC, como tamén é coñecedora da vergoña da detención polos herdeiros do ditador da propiedade do Pazo polo que a urxencia da situación non admite dilacións nin demoras en precisar cando e como o Pazo de Meirás pode pasar a patrimonio público, así como os efectos legais derivados da, no seu caso, nulidade da adquisición da propiedade por Francisco Franco sobre a venta anunciada agora.

Neste contexto a axilidade nas actuacións é fundamental para chegar a tempo ás posibles solucións xurídicas que xurdan do traballo das comisións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que a partir dos traballos da Comisión de expertos para a recuperación do Pazo de Meirás, que debe de ser convocada de xeito urxente, aclare e defina a estratexia de cando e como se vai poder acadar o obxectivo da incorporación gratuíta do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.



Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Antón Sánchez García

Luca Chao Pérez,

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 20/02/2018 12:49:20

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/02/2018 12:49:28

Luca Chao Pérez na data 20/02/2018 12:49:36



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O deterioro na sanidade pública polos recortes orzamentarios e a política de privatizacións levada a cabo polo Goberno, está a ter consecuencias moi graves na propia prestación sanitaria, pero tamén nas condicións laborais do persoal.

Neste sentido, os hospitais comarcais son duramente castigados, a causa dun desmantelamento paulatino dos seus servizos tanto no ámbito material como no humano.

O Hospital de Verín é un claro exemplo desta política de deterioro de servizos públicos. A Unidade de Coidados Paliativos, non existe dende a entrada na xerencia da prima do presidente Feijóo, e o servizo, que dalgunha maneira tamén podería cubrir esta circunstancia, como o servizo de HADO, anunciase constantemente pero nunca se converte en realidade. Outro exemplo deste desmantelamento prodúcese en traumatoloxía, que antes contaba con 4 facultativos e ágora está na metade, con aumento desmesurado das listas de espera que provoca as derivacións constantes á sanidade privada.

Ademais de servizos e problemas concretos característicos do Hospital, existen no mesmo demandas que resultan comúns a todo o Sistema Galego de Saúde,



como a falta de persoal en xeral, producíndose situacións nas que unha soa auxiliar debe atender a máis de 20 pacientes.

Por iso, transcorridos corenta anos daquela normativa que rexeu en todos os procesos electorais celebrados até a actualidade, é necesario abordar unha adaptación á estrutura actual así como aos cambios sociodemográficos.

Porén, as propostas xurdidas nestes últimos anos non inciden na necesaria reforma de aspectos do sistema electoral relacionados coa demarcación electoral ou co método de asignación proporcional, en modificacións para avanzarmos nunha maior equidade do sistema electoral que tamén mellore a calidade democrática das institucións. Recentemente, no marco dunha ofensiva desaforada contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía, o Partido Popular propuxo unha reforma electoral para reducir deputados e deputadas, ou tamén para a elección directa de alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría. Isto é, reformas encamiñadas a distorsionar máis a representación política e institucional respecto da fidelidade e da expresión da



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26540
Data envío: 20/02/2018 12:51:26.527

pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. E mesmo contrarias ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control e transparencia das institucións.

Desde o BNG consideramos que se debe actuar en aspectos básicos do sistema electoral, non en simples adaptacións que non removan alicerces dun sistema que impiden reflectir de xeito máis fiel posíbel a vontade democrática e popular.

Un dos aspectos máis relevantes é a superación da provincia como referencia da circunscrición electoral, ao estar baseada nunha figura que evoca unha simple división administrativa decimonónica que, desde o punto de vista dun ámbito de actuación política, foi superada polas comunidades autónomas. Así mesmo, a evolución demográfica acentuou a concentración da poboación, existindo unha desigualdade crecente na distribución provincial dos electores.

Tamén cómpre adoptar sistemas proporcionais directos, e reformar a propia dinámica dos procesos electorais favorecendo campañas adaptadas á sociedade de información e comunicación actual, onde haxa garantías de maior presenza directa de candidatos e candidatas nos medios públicos, e facer efectiva a igualdade entre os xéneros, e finalmente, afondar na participación directa a través de procedementos sinxelos, áxiles e recorrentes de consulta popular directa en todos os ámbitos institucionais sobre decisións que teñan transcendencia relevante, mutando a configuración dos referendos de formas ocasionais de consulta e pulsión da opinión cidadá a un método habitual de consulta vinculante previa á toma de decisións



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26540
Data envío: 20/02/2018 12:51:26.527

relevantes, coa debida información e contraste de opinións de forma aberta e democrática.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate ante o comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:

a) Establecemento da comunidade autónoma como circunscrición electoral en todos os procesos, coa excepción das eleccións municipais.

b) Distribución dos escanos entre as circunscricións en función do censo electoral total, de forma que no prorrateo de escanos compute tamén o censo de electores/as residentes ausentes que viven no estranxeiro.

c) Eliminación da fórmula d'Hondt para asignar a representación nos órganos, substituíndoa polo sistema Hare (de cuota simple) que aproxime o máis posíbel o reparto de escanos á vontade expresada pola cidadanía.

d) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

e) Establecemento obrigatorio de listas alternativas de xénero, figurando en todo caso un mínimo do 50% de mulleres.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26540
Data envío: 20/02/2018 12:51:26.527

f) Fixación da idade de 16 anos para exercer o sufraxio activo.

g) Disposición dos medios necesarios e suficientes para posibilitar o exercicio efectivo do dereito de sufraxio as persoas residentes temporalmente ausentes por estar embarcadas en buques.

h) Regulación que asegure a celebración de debates entre candidatos e candidatas obrigatoriamente en todos os medios públicos de comunicación, así como entrevistas en horarios de maior audiencia das forzas políticas concorrentes ás eleccións.

i) Impulsar un novo modelo de publicidade electoral que facilite a presenza e participación directa nos medios de comunicación das forzas políticas e candidatos e candidatas, e revisando a subvención do mailing postal

k) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.”

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:51
Nº Rexistro: 26540
Data envío: 20/02/2018 12:51:26.527

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2018 12:49:40

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2018 12:49:45

María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2018 12:49:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2018 12:49:50

Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2018 12:49:53

Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2018 12:49:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente apareceron novas nos medios de comunicación sobre a posible venda do Pazo de Meirás por parte dos herdeiros do ditador Francisco Franco. Iso podería significar que os Franco se lucren de novo, ingresando varios millóns por un patrimonio roubado ao pobo de Meirás.

Defenderemos todas as vías necesarias para que isto non aconteza e se logre a incorporación do Pazo ao patrimonio público a custo cero.

A urxencia da situación obriga a que os poderes públicos, así como as distintas mesas e xuntas (a constituída pola Xunta e a promovida pola Deputación) definan e precisen canto antes, e á maior brevidade, cal é a estratexia xurídica e procesual para acadar tal obxectivo de incorporación a tal custo cero para as arcas públicas.

En cumprimento da resolución acordada polo Pleno do Parlamento de Galicia polo que se instaba á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, e sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para



o pobo de Galicia, o pasado 29 de novembro constituíuse unha Comisión de Expertos.

Dita comisión tivo tres sesións de traballo e prevese, no mellor dos casos, que estean rematados os traballos e presentadas as conclusións ao fío do verán.

Do mesmo xeito, a Xunta pro-devolución do Pazo de Meirás, promovida pola Deputación da Coruña, desde a súa constitución, ten celebrado varias xuntanzas e encargado varios estudos, inclusive xurídicos, ao respecto.

En efecto, A Xunta coñece perfectamente o réxime de tutelas e garantías en suposto de transmisión dun BIC, como tamén é coñecedora da vergoña da detención polos herdeiros do ditador da propiedade do Pazo polo que a urxencia da situación non admite dilacións nin demoras en precisar cando e como o Pazo de Meirás pode pasar a patrimonio público, así como os efectos legais derivados da, no seu caso, nulidade da adquisición da propiedade por Francisco Franco sobre a venta anunciada agora.

Neste contexto a axilidade nas actuacións é fundamental para chegar a tempo ás posibles solucións xurídicas que xurdan do traballo das comisións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que a partir dos traballos da Comisión de expertos para a recuperación do Pazo de Meirás, que debe de ser convocada de xeito urxente, aclare e defina a estratexia de cando e como se vai poder acadar o obxectivo da incorporación gratuíta do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.



Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Antón Sánchez García

Luca Chao Pérez,

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 20/02/2018 12:47:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/02/2018 12:48:06

Luca Chao Pérez na data 20/02/2018 12:48:13

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

O deterioro na sanidade pública polos recortes orzamentarios e a política de privatizacións levada a cabo polo Goberno, está a ter consecuencias moi graves na propia prestación sanitaria, pero tamén nas condicións laborais do persoal.

Neste sentido, os hospitais comarcais son duramente castigados, a causa dun desmantelamento paulatino dos seus servizos tanto no ámbito material como no humano.

O Hospital de Verín é un claro exemplo desta política de deterioro de servizos públicos. A Unidade de Coidados Paliativos, non existe dende a entrada na xerencia da prima do presidente Feijóo, e o servizo, que dalgunha maneira tamén podería cubrir esta circunstancia, como o servizo de HADO, anunciase constantemente pero nunca se converte en realidade. Outro exemplo deste desmantelamento prodúcese en traumatoloxía, que antes contaba con 4 facultativos e ágora está na metade, con aumento desmesurado das listas de espera que provoca as derivacións constantes á sanidade privada.

Ademais de servizos e problemas concretos característicos do Hospital, existen no mesmo demandas que resultan comúns a todo o Sistema Galego de Saúde,



como a falta de persoal en xeral, producíndose situacións nas que unha soa auxiliar debe atender a máis de 20 pacientes.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Dotar todos os PACs dun equipo completo de facultativos de medicina e enfermería, así como establecer criterios obxectivos para a dotación do persoal dos PACs con base na carga asistencia, dispersión, distribución, distancia do hospital e número de mobilizacións polo 061, de forma que garanta o dereito asistencial.
- Dotar a todo o persoal, tamén ao persoal en formación ou eventual, de Equipos de Protección Individual.
- Garantir un circuíto de lavado para a roupa de traballo que permita recollela a tempo evitando o seu extravío e que o persoal non teña que lavala no seu domicilio.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2018 18:08:17

Luis Villares Naveira na data 20/02/2018 18:08:36



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

A Atención Urxente Extra hospitalaria en Galicia, foi regulada polo Decreto 172/1995 do 18 de Maio, coa creación dos Puntos de Atención Continuada e modificado parcialmente polo Decreto 156/2005. Neste sentido, mediante a Orde de 4 de xuño de 2008 (DOG núm. 115 do 16 de xuño de 2008) acórdase regular a provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e de enfermería dos Puntos de Atención Continuada.

Pero a pesares da normativa mencionada, moitos dos dereitos acadados nunca chegaron a ser aplicados por parte da Xunta de Galicia, atopándose o persoal en condicións precarias que aumentan de éxito proporcional cos recortes na sanidade pública, agravando a situación, tanto en recursos humanos e materiais como en retribucións e presión asistencial, especialmente dende a creación das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Dotar todos os PACs dun equipo completo de facultativos de medicina e enfermería, así como establecer criterios obxectivos para a dotación do

persoal dos PACs con base na carga asistencia, dispersión, distribución, distancia do hospital e número de mobilizacións polo 061, de forma que garanta o dereito asistencial.

- Respetar o recollido nas directivas europeas sobre os tempos de traballo do persoal, así como non aumentar a xornada laboral efectiva de 1451 horas actuais, sendo calquera exceso de xornada voluntario, incentivado e por tramos.
- Eliminar a avaliación de derivación hospitalaria das listas de obxectivos, seguindo sempre criterios que sexan estritamente médicos.
- Facer un cómputo axeitado de Incapacidades temporada e permisos retribuídos.
- Contabilizar como xornada laboral as asistencia ás reunións convocadas dende as xerencias.
- Aboar as dietas de domingos e festivos tanto pola comida como pola cea.
- Elaborar os calendarios de quendas dando prioridade ao persoal propio do PAC, ocupando o persoal voluntario os ocos.
- Dotar a todo o persoal, tamén ao persoal en formación ou eventual, de Equipos de Protección Individual.
- Garantir un circuíto de lavado para a roupa de traballo que permita recollela a tempo evitando o seu extravío e que o persoal non teña que lavala no seu domicilio.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2018 18:15:00

Luis Villares Naveira na data 20/02/2018 18:15:10

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

A Atención Urxente Extra hospitalaria en Galicia, foi regulada polo Decreto 172/1995 do 18 de Maio, coa creación dos Puntos de Atención Continuada e modificado parcialmente polo Decreto 156/2005. Neste sentido, mediante a Orde de 4 de xuño de 2008 (DOG núm. 115 do 16 de xuño de 2008) acórdase regular a provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e de enfermería dos Puntos de Atención Continuada.

Pero a pesares da normativa mencionada, moitos dos dereitos acadados nunca chegaron a ser aplicados por parte da Xunta de Galicia, atopándose o persoal en condicións precarias que aumentan de éxito proporcional cos recortes na sanidade pública, agravando a situación, tanto en recursos humanos e materiais como en retribucións e presión asistencial, especialmente dende a creación das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Respetar o recollido nas directivas europeas sobre os tempos de traballo do persoal, así como non aumentar a xornada laboral efectiva de 1451



horas actuais, sendo calquera exceso de xornada voluntario, incentivado e por tramos.

- Facer un cómputo axeitado de Incapacidades temporada e permisos retribuídos.
- Aboar as dietas de domingos e festivos tanto pola comida como pola cea.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2018 18:21:08

Luis Villares Naveira na data 20/02/2018 18:21:15

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Entre os obxectivos da actual política agrícola comunitaria (PAC) está garantir o abastecemento de alimentos á poboación europea a prezos axeitados, garantir uns ingresos xustos aos agricultores e agricultoras e o benestar na sociedade rural, aumentar a competitividade dos produtos agrícolas comunitarios no mercado interior e mundial, mellorar a seguridade alimentaria coa mellora das condicións sanitarias dos animais e do seu benestar ou asegurar a protección do medio ambiente.

Para a consecución destes obxectivos, o FOGGA xestiona medidas como:

- Fondo Europeo Agrario de Garantía Agraria (FEAGA), que son axudas directas a explotacións agrarias que comprenden tanto o pagamento único por explotación, independente da produción obtida, como outros pagamentos directos en función da produción de determinados sectores e tamén outros pagamentos adicionais ou específicos co obxecto de mellorar

a calidade do leite e da carne de vacún ou de ovino e cabrún e para manter as condicións ambientais.

- Os procedemento de asignación de dereitos de pagamento único a agricultores en función de pagamentos recibidos ou das solicitudes da reserva nacional, así como as cesións de dereitos entre agricultores.
- Outras medidas relacionadas co Apoio ao Sector Lácteo e Mercados Agrícolas, tanto no relativo a almacenamento público como privado ou as axudas á utilización industrial ou a consumo de determinados produtos agrícolas e gandeiros en xeral e en particular polos alumnos de centros escolares.
- Cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER)
- Axudas ao desenvolvemento rural establecidas no eixo 2, relativo á mellora do medio ambiente e do medio rural, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 para o mantemento sostible de terras agrícolas.

Así mesmo leva a cabo actuacións como a coordinación e aplicación dos resultados do control da condicionalidade como conxunto de requisitos legais de xestión e boas condicións agrarias e medioambientais que deben cumprir os agricultores para a percepción destas axudas ou o establecemento dos procedementos de solicitude, xestión e pago destas axudas directas.

Chegan malas novas dende a UE para o agro galego, ao ser coñecedores de que esta pretende eliminar as partidas da PAC e os fondos estruturais ata novo aviso para derivalos a outros fins ou investimentos.

Con este escenario, Galiza podería perder ata 2.771 millóns de euros para o vindeiro marco, solo no que a axudas da PAC se refire, isto é, sen contar os fondos de cohesión.



Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias e instar ao Goberno do Estado a que realice as negociacións oportunas para que Galiza non vexa mermadas as partidas que destina a UE aos pagos da PAC.

Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 20/02/2018 18:24:30

Paula Quinteiro Araújo na data 20/02/2018 18:24:41

Luis Villares Naveira na data 20/02/2018 18:24:48

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa á conservación do centro educativo Isidora Riestra de Poio

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recortes reiterados e abandono, eses foron os dous piares da política do Partido Popular respecto á conservación e mantemento dos centros educativos do país.

Unha partida que pasou de algo máis de 11 millóns e medio de euros en 2008, a 4.650.000 euros nos últimos orzamentos, que en termos reais, isto é descontando as variacións do IPC, supón case un 70% menos. Un 70% menos que se traduce en aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo, cubertas que seguen tendo amianto e, en definitiva, ausencias graves de infraestrutura escolar nun parque educativo que acumula, de media, corenta anos de idade.

Idade que ten o Centro de Infantil e Primaria Isidora Riestra de Poio no que, tal e como denuncia a ANPA, non se fixeron investimentos relevantes nos últimos anos de xeito que se van acumulando os problemas. O último foi a caída do falso teito dunha aula de desdobre. Caída que desatou todas as alarmas e que vén a sumarse a toda unha restra de demandas de melloras necesarias como: o cambio de ventás, a dotación dun patio cuberto, o cambio da caldeira ou o acondicionamento do ximnasio.



Ante esta situación, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a acometer, de xeito inmediato,
as obras necesarias para cubrir as demandas da ANPA, especialmente aquelas
que atinxen ao cambio de ventás, a dotación dun patio cuberto, o cambio da
caldeira e o acondicionamento do ximnasio.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luis Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/02/2018 18:40:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/02/2018 18:40:40

Luis Villares Naveira na data 20/02/2018 18:41:51

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A política de cohesión, que representa máis dunha terceira parte do presuposto total comunitario, converteuse nunha ferramenta esencial para a consecución dos obxectivos da Unión Europea, dos que Galicia se viu beneficiada claramente, podendo contar con máis de 4.000 millóns de euros repartidos nos diferentes Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, FEADER e FEMP) para o período 2014-2020.

Entre os obxectivos que a Unión pretendía alcanzar en 2020 atópanse cuestións fundamentais como o crecemento económica, a creación de emprego, a loita contra o cambio climático, a dependencia enerxética, a redución do abandono escolar, a pobreza, a exclusión social e o fortalecemento da cohesión económica, social e territorial dentro da UE a través da corrección dos desequilibrios entre as diferentes rexións europeas. Na medida de consecución destes obxectivos, a UE estableceu tres tipos de rexións: rexións menos desenvolvidas, rexións en transición e rexións máis desenvolvidas que, na actualidade, é onde se atopa Galicia e a maioría das comunidades autónomas do resto de España.

Este mes, febreiro de 2018, a Comisión Europea informou dalgúns dos escenarios posibles para os próximos presupostos europeos no período 2021-2027, nos cales Galicia, ou ben podería manter os fondos actuais ou ben podería perder unha parte ou, nunha situación extrema, incluso a súa totalidade. Son os diferentes escenarios expostos pola equipa de Jean Claude Juncker co comisario alemán de Orzamentos Günther Oettinger á cabeza. Isto é debido a varios factores, entre os que atopamos o Brexit (15.000 millóns de euros que deixarse de investir nas arcas comunitarias), o cada vez maior sentimento nacionalista de moitos dos diferentes Estados e as novas prioridades e obxectivos da organización supranacional.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os ditos novos obxectivos serían o control da inmigración, a mellora da protección e seguridade común (encamiñado á creación dun exército europeo e unha garda europea de costas e fronteiras), máis orzamento para o Erasmus Plus, maiores programas de investigación e innovación (cofinanciados cos Estados) e a transición dixital en bloque. En palabras do propio comisario, a Comisión Europea soamente quere “investir en aquilo que produza valor engadido”, tal e como a súa vez recolle no Documento de Reflexión sobre o futuro das finanzas da UE.

Ante este panorama, o Goberno da Xunta de Galicia debe actuar ca dilixencia necesaria posto que os fondos europeos representaron -e teñen que representar tamén para o futuro-, unha fonte de ingresos importante que é necesario resgardar e defender. Ademais debe provocar unha modificación no seu caso dos obxectivos para aproveitar as oportunidades en canto ás actividades que produzan un maior valor engadido.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que leve a cabo cantas actuacións considere necesarias ante as autoridades do Estado español e da Unión Europea, co fin de acadar o mantemento dos diferentes Fondos Estruturais e de Investimento Europeos”.

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/02/2018 19:26:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/02/2018 19:26:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/02/2018 19:26:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 10:44
Nº Rexistro: 26653
Data envío: 21/02/2018 10:44:28.377

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, relativa á inscrición franquista homenaxe a Primo de Rivera que aínda permanece en Soutopenedo, San Cibrao das Viñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia a aprobación en 2007 da chamada Lei de memoria histórica, pasan os anos e seguen visibles inscricións franquistas ao longo do territorio galego. Unha delas, denunciada recentemente por activistas en defensa da memoria histórica, é a placa homenaxe a Primo de Rivera que aínda permanece en Soutopenedo, San Cibrao das Viñas.

A retirada desta simboloxía antidemocrática é unha vella demanda social e política que segue pendente en moitos lugares do país e que urxe corrixir en aras da reparación democrática. Os restos desa homenaxe ao réxime franquista e que resultan agresivos para a sociedade en xeral deberíanse de retirar definitivamente das paredes das nosas rúas.

O mantemento da simboloxía franquista na parede dunha casa, visíbel ao público que pase pola zona, constitúe un atentado contra os valores democráticos e unha ofensa á memoria das vítimas do franquismo.

A pervivencia deste tipo de símbolos poñen de manifesto a continuidade do franquismo na nosa sociedade, e tamén as actitudes de complicidade, connivencia ou de pasividade que o permiten. Polo tanto, as institucións deben actuar ao respecto para contribuír á súa eliminación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 10:44
Nº Rexistro: 26653
Data envío: 21/02/2018 10:44:28.377

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Concello de San Cibrao das Viñas para recomendarlle a supresión da placa homenaxe a Primo de Rivera que permanece en Soutopenedo así como a inclusión no rueiro do municipio de nomes de persoas represaliadas polo franquismo para contribuír á súa memoria e reparación, recomendando a escolla de entre os 45 resultados de homes e mulleres represaliados que recolle até o momento o proxecto de investigación *Nomes e Voces* a respecto do Concello mencionado, consultábel en <http://vitimas.nomesevoces.net>.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 10:44
Nº Rexistro: 26653
Data envío: 21/02/2018 10:44:28.377

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2018 10:40:05

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2018 10:40:11

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2018 10:40:17

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2018 10:40:21

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/02/2018 10:40:23

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2018 10:40:27

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O problema das esperas e demoras para consultas, probas diagnósticas, recepción de resultados ou cirurxía supón un dos graves problemas do sistema que empeora a calidade da atención, minora as posibilidades de solucionar problemas asistenciais e distancia a percepción da cidadanía sobre a eficiencia do sistema. Así se evidencia nas valoracións das persoas usuarias, como se amosa no barómetro sanitario que publica o CIS, onde se vén sinalando que o sistema galego está avaliado como o terceiro peor de todas as comunidade autónomas de España, segundo a cidadanía que o utiliza. Un dos elementos peor valorados está nas listas de espera.

A pesares desta cuestión, existe un triunfalismo comunicativo dende a xestión da Xunta de Galicia, especificamente na Consellería de Sanidade, sobre a cuestións das esperas. Non entanto, as continuas informacións que por diversas vías se coñecen día tras día evidencian que é un triunfalismo infundado, e que a realidade amosa dimisións de profesionais dos seus cargos de responsabilidade por non ser escoitados, demandas de máis especialistas para solventar o problema, ofrecementos de solucións para sanear a cuestión que reciben a calada por resposta, existencia de listas de espera ocultas, doentes sen citar...

As constantes citas con esperas inadmisibles que son coñecidas vía parlamentaria, por medios de comunicación ou reclamadas polas persoas usuarias polo procedemento que o Sergas abre para queixas, son tildadas dende a consellería como anécdotas, o que evidencia unha dificultade para recoñecer a existencia dun problema.

Grupo Parlamentario

Neste contexto, o sistema sanitario público continúa a sufrir un problema grave de déficit de persoal, que supón unha chave fundamental para comprender o deterioro que se está a padecer no eido sanitario de Galicia. A existencia dunha eventualidade moi ampla (1 de cada 5 postos laborais presupostadas como estatutarios é ocupado de maneira eventual), e a precarización do traballo sanitario que xa é amplamente coñecido polos profesionais e moitos usuarios e usuarias (numerosos contratos por días ou por horas, imprevisibilidade, condicións laborais que impiden estabilidade persoal...), banaliza a importancia do traballo dos profesionais sanitarios e limita as súas capacidades, cercenadas polas condicións e dificultades para exercer en plenitude o seu traballo e, polo tanto, de ofrecer toda a calidade asistencial precisa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un programa de contratación de profesionais de atención especializada que permita aumentar o nivel asistencial, e aliviar o problema das esperas no sistema sanitario público.
2. Iniciar a modificación da Lei de prestacións e garantías sanitarias para implantar un plan de contratación asociado aos tempos medios de espera en relación aos marcados como tope pola lei, de forma que os incumprimentos que deban ser resoltos vía concertación cos medios alleos impliquen contratación de profesionais no sistema público.
3. Elaborar un estudio de viabilidade dun sistema habitual e estable de ampliación do horario de intervencións cirúrxicas de maneira habitual ata a redución das listas de esperas ao mínimo posible.

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2018 11:36:32

Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2018 11:36:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/02/2018 11:36:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a**, sobre o retroceso por parte da Xunta de Galiza na protección do acivro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No DOG do día 8 de febreiro deste 2018 cunha disposición no Decreto 11/2018 que regula a composición do Observatorio Galego de Educación Ambiental, a Xunta de Galicia ven de derrogar a Orde do 10 de decembro de 1984, pola que “considerando a importancia ecolóxica do acivro e a súa utilidade para a fauna silvestre” declarouse “o acivro (*Ilex aquifolium*, L) especie protexida no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Esta decisión en ningún momento foi informada polos órganos consultivos preceptivos, o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e, nomeadamente, o Observatorio Galego da Biodiversidade.

A Xunta de Galicia ignora que as formacións de acivro son un hábitat de interese na UE (9830 Bosques de *Ilex aquifolium*), que segundo o manual “Bases ecolóxicas preliminares para a conservación de los tipos de hábitat de interés comunitario en España” (Arrieta, 2009) ten sufrido unha diminución dun 10% da



súa superficie de distribución e ocupación nas últimas décadas, polo que se considera que a superficie ocupada dentro da área de distribución é inaxeitada.

Esta decisión non está apoiada por ningún tipo de argumento ou informe científico sobre o estado de conservación da especie e as consecuencias que a súa desprotección terá para outras especies protexidas, nomeadamente animais que se acubillan baixo eles no inverno e consumen os seus froitos, baste recordar o sinalado por Guitián (1983):“ La utilización preferente de esta planta nace de la escasa disponibilidad de recursos del hábitat y está ligada al comportamiento de alimentación y dieta en el invierno, regulación térmica y refugio ante los predadores que proporciona la planta”.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a deixar sen efecto a derogación do DECRETO 11/2018, do 18 de xaneiro que afecta a Orde do 10 de decembro de 1984, sobre protección do acivro (*Ilex aquifolium*, L.) no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 240, do 15 de decembro de 1984).

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Antón Sanchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/02/2018 12:23:31

Antón Sánchez García na data 21/02/2018 12:24:12

Marcos Cal Ogando na data 21/02/2018 12:24:20

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O gasto que a Consellería de Sanidade dedica á atención sanitaria con medios alleos vai orientada, en boa parte, ás derivacións que o sistema sanitario público fai cara os centros concertados amparándose no cumprimento da Lei de garantía de prestacións sanitarias, especificamente no que corresponde aos tempos máximos de espera por unha intervención cirúrxica.

En paralelo a isto, o déficit de persoal existente no sistema sanitario, alertado polos sindicatos e colectivos médicos, por numerosos profesionais, por xefes de servizo, asociacións de persoas usuarias, partidos políticos, colectivos de pacientes e outras entidades, afonda neste problema e contribúe a agravalalo notoriamente. Así, as persoas usuarias do sistema o cualifican como o terceiro peor dos sistemas sanitarios de todas as comunidades autónomas de España, segundo o barómetro sanitario publicado polo CIS no que se avalía a situación dos sistemas sanitarios. Especialmente os usuarios e usuarias apuntan ás listas de espera como un dos graves problemas que non se está a resolver.

Resulta necesario para o sistema sanitario facer unha análise profunda, con todos os datos e información posible, para poder construír solucións que permitan mellorar o sistema na súa eficiencia e na súa calidade asistencial. Non entanto, a Consellería de Sanidade dificulta o acceso a todos os datos necesarios, e apenas ofrece posibilidades de obtelos, negando información e a súa difusión, como foi proposto en numerosas ocasións no Parlamento de Galicia e como sinala o Consello de Contas no seu informe publicado en 2017, apuntando que resulta

 Grupo Parlamentario

difícil facer unha avaliación completa e plenamente confiable da execución e planificación orzamentaria, debido á confusión e opacidade que a contabilidade da consellería presenta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe exhaustivo das derivacións feitas en 2016 e 2017 polo sistema sanitario público cara centros concertados para cumprir criterios da Lei de garantías de prestacións sanitarias, que conteña datos referidos á:
 - Número de derivacións feitas pola Consellería de Sanidade para a realización de intervencións cirúrxicas en centros concertados.
 - Custo estimado destas derivacións en termos globais e termos medios.
 - Desagregación destes datos por EOXI, por centros hospitalarios de orixe da derivación e de destino, e por servizo dentro de cada centro hospitalario.
2. Facer público este informe a través da web da Consellería de Sanidade nun prazo de tres meses dende a aprobación desta iniciativa.
3. Elaborar un informe semellante de maneira anual, que sexa publicado na páxina web da Consellería de Sanidade dentro dos tres primeiros meses do ano seguinte ao que se refira o informe.

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2018 12:36:22

Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2018 12:36:28

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/02/2018
12:36:32**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para frear a expansión do eucalipto na Galiza.

Exposición de motivos

Portugal aprendeu unha dura lección da vaga de lumes que padeceu o pasado verán: os eucaliptos son un perigo para o territorio e a cidadanía. Quedou demostrado con incendios terribles como o de Pedrógao Grande, no que morreron 64 persoas. Por esa razón, o Goberno luso aprobou recentemente un decreto contra as plantacións desta especie.

Na actualidade, o eucalipto ocupa 812.000 hectáreas portuguesas. Tralo decreto, queda prohibido que continúe a súa proliferación, polo menos ata o 2030. E non só iso, senón que as plantacións terán que minguar a partir do ano 2022.

Mentres tanto, só en Galicia contamos con 454.000 hectáreas de eucalipto. Por se fose pouco, a revisión do Plan Forestal prevé que se planten 25.000 hectáreas máis nos próximos anos debido á incapacidade flagrante da Administración para impedir aos propietarios que estendan esta praga.

O contraste é claro e significativo. Por unha banda, Portugal legisla para impedir as accións de arborización con especies do xénero *eucalyptus*. Por outra, Galicia



permite a arborización destas especies coa única condición de que non sexa en espazos ocupados por especies autóctonas ou frondosas.

Non é de estrañar, polo tanto, que quen antes facía negocio con eucalipto en Portugal queira facelo agora en Galicia. É o caso da pasteira lusa The Navigator Company (antes coñecida como Portucel Soporcel), que, para eludir as perdas derivadas da nova lexislación portuguesa, quere instalar unha base na nosa terra. Nunha conferencia ante inversores, Nuno Santos, conselleiro e director executivo do grupo, dixo explicitamente que buscaban “novos provedores de madeira fóra do país, distintos dos que estamos utilizando a día de hoxe, e unha gran base, forte, no norte de España, en Galicia”.

Isto é unha mala noticia para nós. Non é admisible que unhas poucas persoas fagan negocio cos nosos recursos a cambio de poñer en perigo a ordenación do territorio. Iso é precisamente o que fai que os nosos montes ardan cada ano.

Por todo o exposto anteriormente o grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar restricións á plantación de eucaliptos análogos ás portuguesas en Galicia.
2. Prohibir o cultivo e as repoboacións con todas as especies do xénero *Eucalyptus* nos espazos integrantes da Rede galega de espazos protexidos, establecida pola Lei 9/2001 de Conservación da Natureza ou norma que a substitúa.



3. Iniciar con carácter urxente un programa de erradicación de eucalipto e especies pirófitas daqueles espazos que integran a Rede galega de espazos protexidos.

Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/02/2018 13:32:40

Paula Quinteiro Araújo na data 21/02/2018 13:32:51

Luis Villares Naveira na data 21/02/2018 13:33:01

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**, sobre as prácticas abusivas cos contratos lácteos por parte de multinacionais en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector leiteiro na Galiza ven a desenrolarse como a actividade do sector primario que fai de motor do noso medio rural. A pesar de que durante moitos anos foi a principal fonte de traballo, na actualidade, presenta unha preocupante diminución das persoas e explotacións que dependen desde sector.

Os prezos do leite están a diminuír ou non medran parella a media de outras partes do Estado español ou Europa, polo que se está creando inestabilidade, o que agrava a precaria situación da gandeira e do gandeiro galego, e as pequenas explotacións non poden competir coas grandes o que implica a perda de aínda máis granxas leiteiras.

Nestes meses de febreiro e marzo, está previsto que se renoven en Galicia algo máis de 4.000 contratos lácteos, unha boa parte da multinacional francesa Lactalis, que recolle aproximadamente o 25% do leite galego.

A valoración unánime das organizacións gandeiras e de asociacións de produtores e produtoras é que os prezos nos novos contratos teñen que



incrementarse para compensar os do ano 2017, nos que subiron moi por baixo da media europea, co que se deixou de ingresar máis de 9 millóns de euros en novembro por non recibir uns prezos acordes á media europea, e non estiveron en consonancia co incremento do prezo dos derivados lácteos, sobre todo da manteiga, nos mercados internacionais

Outras empresas ou multinacionais como Leite Celta, xa renovaron en setembro cunha lixeira suba dos prezos, mentres que Queserías Entrepinares renovará os contratos en abril e Reny Picot en xullo.

Na Galiza seguimos tendo un diferencial negativo con respecto ao resto de España duns 2 céntimos de media menos por litro, algo que non se xustifica, sobre todo, cando Galiza lidera as calidades en materia graxa do leite. Seguen sendo altos e iso debería repercutir nos prezos ao gandeiro ou gandeira.

Hoxe, Lactalis recolle aproximadamente o 25% do leite galego e referencia os prezos dos novos contratos aos prezos medios pagados en Galicia nos últimos meses. É dicir, toma como referencia os prezos que en gran medida a propia empresa marca, o cal consideramos que é ilegal e que merecería unha resposta por parte da Xunta de Galicia.

Certo é que o prezo do leite creceu máis porcentualmente en Galicia que en Asturias ou en Cantabria, pero Galiza segue tendo o prezo máis baixo do Estado, xunto coas Baleares; á vez que España ten o prezo máis baixo da Unión Europea xunto a Portugal.

Se as explotacións galegas cobrasen en novembro o prezo medio das asturianas ingresarían máis de 5 millóns de euros adicionais do que cobraron por ese mes; e se percibisen o prezo medio da Unión Europea, 37'5 céntimos por litro, o incremento sería de 9 millóns de euros.



En concreto, durante o ano 2017, 424 gandaría galegas de leite pecharon as súas portas, o que representa o 57% do total do Estado español, á vez que se seguiu perdendo Superficie Agraria Útil, que se destinou en boa medida a plantacións forestais.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7.^a.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar tódalas medidas necesarias para prohibir estas prácticas abusivas cos contratos lácteos por parte destas multinacionais, e que poidan así obter un prezo xusto polo prezo do leite que producen nas súas explotacións.

Santiago de Compostela a 21 de febreiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/02/2018 16:40:56

Paula Quinteiro Araújo na data 21/02/2018 16:41:07



Luis Villares Naveira na data 21/02/2018 16:41:24



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26703
Data envío: 21/02/2018 19:08:20.289

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao servizo de mantemento e seguridade industrial do Complexo Hospitalario de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No 2014 foi adxudicado o servizo de xestión integrada de varios servizos non asistenciais, que incluía o de mantemento, do Complexo Hospitalario de Ourense por máis de 140 millóns de euros á empresa Ferrovial por un tempo de quince anos.

Na altura esta operación foi censurada por organizacións como o Bloque Nacionalista Galego por supoñer unha privatización de servizos como o de mantemento, até a altura cun cadro de persoal público, ademais de por supoñer macrocontratos en termos que imposibilitaban o acceso a eles as pequenas e medianas empresas. Xa no 2012 o BNG tiña censurado este tipo de adxudicacións a cambio de financiamento e de macroservizos que impedían a libre competencia.

Nos últimos anos as e os traballadores de servizos dependentes de Ferrovial teñen denunciado a vulneración dos seus dereitos laborais. Máis concretamente, recentemente o persoal responsábel do mantemento e, polo tanto, de elementos de grande importancia no ámbito hospitalario como cuestións de seguridade industrial, arranxos, etc. Falta de persoal, vulneración do convenio de siderometal e agravios



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26703
Data envío: 21/02/2018 19:08:20.289

comparativos con traballadores doutros hospitais son algunhas das cuestións graves que están a acontecer.

Así as cousas, recentemente o cadro de persoal traballador do servizo de mantemento celebraron diversas mobilizacións na procura da resolución da súa situación de desigualdade e unha convocatoria de folga indefinida.

O emprego xerado polas administracións públicas debe ser exemplarizante e polo tanto é urxente que a Consellaría de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense se impliquen na resolución do conflito. Por todas estas razóns...

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a que a Consellaría de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense se impliquen na resolución do conflito comprometéndose á negociación co cadro de persoal co obxecto de mellorar as condicións laborais e corrixir a situación de desigualdade e vulneración das mesmas.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26703
Data envío: 21/02/2018 19:08:20.289

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2018 19:07:56

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2018 19:08:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2018 19:08:03

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2018 19:08:05

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2018 19:08:06

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2018 19:08:11



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda** e **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Ante o anuncio da posible venta do Pazo de Meirás por parte dos herdeiros do ditador, que consolidaría o espolio e practicamente imposibilitaría que se puidese incorporar ao Patrimonio público, compre que as administracións actúen con dilixencia.

Dado que consta acreditada a simulación dunha compra-venta que, en realidade, non foi tal, creemos necesario que a Xunta de Galicia presente de inmediato no Xulgado a vía civil da acción de nulidade do título da fraudulenta adquisición por Francisco Franco do Pazo de Meirás.

Dita acción de nulidade debe ser promovida pola Xunta de Galicia, en canto está lexitimada polas competencias que ten atribuídas en materia de tutela do patrimonio histórico-artístico, e, máis en concreto, coa lexitimación reforzada ao tratarse dun BIC (ben de interese cultural).

A presentación de dita acción de nulidade debe levar tamén aparelhada a súa anotación preventiva no Rexistro da Propiedade aos efectos de público coñecemento por terceiros, xa que unha hipotética transmisión a terceiros do Pazo suporía unha dificultade engadida para a súa incorporación ao patrimonio



público, aínda no suposto de que prosperase a acción de nulidade que se poida presentar ante o Xulgado.

Co obxectivo da incorporación do Pazo ao patrimonio público a custo cero, a urxencia da situación obriga a que os poderes públicos, así como as distintas mesas e xuntas (a constituída pola Xunta e a promovida pola Deputación), xa convocadas para os vindeiros días, definan e precisen canto antes, e á maior brevidade, cal é a estratexia xurídica e procesual para acadar tal obxectivo de incorporación a tal custo cero para as arcas públicas. Estratexia xurídica que ao noso criterio, e sen prexuízo doutras, debe comezar por presentación de dita acción de nulidade, dado que consta acreditada a simulación dunha compra-venta que, en realidade, non foi tal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que, sen prexuízo doutras accións que determine a Comisión de expertos creada co obxectivo da incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio público:

- 1) Presente de inmediato no Xulgado a vía civil da acción de nulidade do título da fraudulenta adquisición por Francisco Franco do Pazo de Meirás.
- 2) Proceda á anotación preventiva no Rexistro da Propiedade aos efectos de público coñecemento por terceiros.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Antón Sánchez García

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 21/02/2018 19:29:01

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/02/2018 19:29:08

Luca Chao Pérez na data 21/02/2018 19:29:17

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago foi, desde o seu inicio, un colaborador necesario para a proxección internacional do Camiño de Santiago.

Ao igual que o Camiño, o Comité pretende ser ese lugar de encontro, de estudo e de investigación diverso e plurinacional que propicie o desenvolvemento de proxectos de coñecemento e divulgación do Camiño de Santiago.

Unha faceta importantísima e enriquecedora porque enraíza cos países, poboacións e lugares polos que transita o Camiño ao longo de toda Europa.

Precisamente este carácter plurinacional do Comité de Expertos serviu para abrir canles de cooperación e colaboración con entidades, institucións e organismos dos países aos que pertencen. Neste sentido cabe nomear a estreita relación entre os Centros de Estudos Xacobeos e os membros do Comité Internacional de Expertos.

Posiblemente por iso, o Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia na liña estratéxica de coordinación e organización administrativa inclúe o fortalecemento do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago así como o impulso á súa relación cos Centros de Estudos Xacobeos.

Considérase que este momento é o axeitado para avanzar no fortalecemento do Comité, e dos Centros de Estudos Xacobeos, cara a afrontar o Xacobeo 2021 nas mellores condicións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a establecer unha serie de medidas e accións que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago así como elaborar un programa de colaboracións cos Centros de Estudos Xacobeos”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2018 10:25:44

Maria Antón Vilasánchez na data 22/02/2018 10:25:53

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/02/2018 10:26:04

Moisés Blanco Paradelo na data 22/02/2018 10:26:11

María Isabel Novo Fariña na data 22/02/2018 10:26:17

Marta Novoa Iglesias na data 22/02/2018 10:26:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2018 10:26:32

Sandra Vázquez Domínguez na data 22/02/2018 10:26:40

Paula Prado Del Río na data 22/02/2018 10:26:48

Diego Calvo Pouso na data 22/02/2018 10:26:56

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Os datos do IV trimestre sobre a enquisa de poboación activa (EPA), amosan un forte freo no ritmo de creación de emprego e un moi cativo incremento da poboación ocupada de só 6.200 persoas (1.049.600 IVT2016 - 1.055.800 IVT 2017), un dos máis baixos de todas as comunidades autónomas. Así mentres o aumento xeral en España ascendeu a un aumento da poboación ocupada de 490.300 persoas, a contribución de Galicia foi apenas do 1,3 % soamente. Todo iso con taxas de crecemento similares para España e para Galicia, que (pendentes das cifras oficiais) se deben situar no entorno do 3,1 % en termos de PIB.

Se a taxa de actividade en Galicia non sofre un maior descenso, se debe á alarmante baixada da poboación total da nosa Comunidade. Os últimos datos amosan que Galicia ten unha poboación de 2.708.339 habitantes (IGE 01.01.2017), o que supón una perda de 10.186 persoas respecto a 2016; se comparamos a poboación dos tramos de idade de 20 a 64 anos, a perda de poboación ascende ás 15.105 persoas. Datos que poñen de manifesto unha perda maior de poboación en idade produtiva respecto do total.

Todo o cal configura unha situación preocupante, ao que sen dúbida cabe engadir a precariedade do (escaso) traballo creado no último ano, ante a cal a Xunta de Galicia non está a facer fronte coa debida atención.

Á vista destas cuestións o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para:

1º) Elaborar, nun prazo máximo de tres meses, un estudo sobre a estrutura empresarial galega, a tipoloxía das ofertas de emprego, do tipo de formación e

Grupo Parlamentario

especialización demandadas, así como sobre as necesidades laborais segundo as zonas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2º) Sobre a base das conclusións do estudo anterior, executar na súa totalidade os recursos das políticas activas de emprego, concretando as actuacións, tanto na oferta de formación segundo os sectores, e a especialización segundo as demandas territoriais.

3º) Incrementar, no orzamento de 2019, a dotación orzamentaria das políticas activas de emprego dedicada a escolas taller, co fin de adaptalas ás necesidades demandadas no estudo sobre o mercado de traballo e as necesidades das distintas zonas, ata acadar os 14 millóns de €.

4º) Incrementar, no orzamento de 2019, a dotación orzamentaria nas políticas activas de emprego destinadas a concellos para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, ata acadar os 10 millóns de €.

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2018 11:45:33

Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2018 11:45:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/02/2018 11:45:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/02/2018 11:45:58

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.^a**


Exposición de motivos

Na Unión Europea comeza a abrirse o debate sobre os Fondos de Cohesión do período 2020-2027 e os criterios de reparto dos mesmo entre os distintos países membros. Os diferentes escenarios que se presentan para Galicia son negativos, dos tres escenarios posibles que baralla a Comisión Europea, dous deles supoñen que Galicia non recibirá máis fondos, e o terceiro, supón a continuación do status quo actual.

Na actualidade Galicia benefíciase de tales fondos como *nuts2* en transición que é considerada, isto é, rexión onde a renda per cápita se sitúa entre o 75% e o 100% da media europea. Deste xeito, Galicia, vai recibir un total de 2.771 millóns de euros polo actual marco 2012-2020.

Os fondos recibidos por Galicia tiñan e teñen un obxectivo claro, asegurar a converxencia económica entre os diferentes territorios no proceso de integración económica da Unión Europea. Os datos amosan que antes da crise, os fondos recibidos por Galicia axudaron a promover a converxencia económica, situándose Galicia no ano 2009 no 84% da media europea en termos de renda per cápita.

Evolución renda per cápita de Galicia en base á media da UE. 2000-2015



Fonte: Eurostat.

Mais o impacto da crise e das políticas de axuste, fixeron reverter este proceso: agora xa non hai converxencia, senón diverxencia. A renda per cápita de Galicia con respecto á media europea, sitúase hoxe en niveis do ano 2003.

Na actualidade Galicia atópase nunha complexa situación económica-social que fai cuestionar profundamente, en primeiro lugar, en que se baseou dito proceso de converxencia, e en segundo lugar, o propio proceso de integración económica da unión Europea.

A retirada dos fondos a Galicia supón afondar na crise na que está inmersa e que se resume principalmente nos seguintes puntos.

1. O mais evidente é o aumento da diverxencia económica rexional que se da a partir do comezo da crise. En apenas cinco anos, Galicia pasou de situarse no 84% da media europea en renda per cápita ao 71%, un descenso de 14 puntos.

2. Galicia afronta un reto demográfico sen precedentes. O noso territorio xunto con Castela León e Asturias, están inmersos nun proceso de implosión demográfica. Reverter esta situación, precisa dunha considerable intervención do sector público que teña a capacidade de mobilizar un considerable volume de recursos económicos.
3. O conxunto de España e en particular Galicia, seguen nun proceso de forte contención do gasto público e polo tanto de falta de suficiencia de recursos. Os Fondos Europeos representan como media nos orzamentos de ingresos da Xunta de Galicia, o 5,3% do total. Deste xeito a eliminación de tales fondos implicaría seguir afondando na política de contención de gasto público, xa que a insuficiencia de recursos veríase notablemente incrementada.
4. Finalmente, durante os últimos anos a Unión Europea está inmersa nun forte proceso de inestabilidade política e social; o Brexit , gobernos de ultradereita nos países do este, a ameza continua da ultradereita en Francia e nos países do norte de Europa, os refuxiados, centenaes de mortes de seres humanos tratando chegar a Europa, o incremento da desigualdade social de forma constante, etc. Así pois, o risco de que estes conflito sigan perpetuándose ou incluso agravándose, debido a unha retirada dos fondos, pode incrementarse substancialmente.

Ante o exposto previamente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao deseño dunha estratexia política que teña por obxectivo que Galicia poida seguir sendo receptora dos fondos europeos.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Asdo.: Antón Sánchez García



Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 22/02/2018 11:55:32

Antón Sánchez García na data 22/02/2018 11:55:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26798
Data envío: 22/02/2018 13:55:38.105

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento Galego aprobou no ano 2006, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado. Porén, durante os anos de goberno Feijóo non ten estado na axenda do goberno do Partido Popular apostar por evitar de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións. Máis aínda, a luz dos últimos acontecementos coñecidos, obsérvase unha falta de preocupación polos riscos que o noso país poida estar a padecer derivados da falta de control sobre o transporte e depósito dos residuos nucleares, nomeadamente no tránsito polo noso territorio mariño.

A finais de 2017 cumpríronse os 35 anos do fin das verteduras de refugallo de orixe nuclear na chamada Foxa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26798
Data envío: 22/02/2018 13:55:38.105

Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do noso medio e das nosas persoas. Máis aínda, conséntase o mesmo desatendemento por parte do Partido Popular no Estado, quen en 2012 rexeitou unha petición do Bloque Nacionalista Galego no Congreso para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

Recentemente coñecemos como o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugалlos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña, a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, loxicamente, estes refugалlos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

Segundo o Artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galiza correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado na materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Polo tanto, nesta cuestión e diante do desatendemento por parte do Estado central, Galiza debe actuar e exercer o seu poder político para, tanto no ámbito do seu traballo como nas negociacións e colaboracións co goberno central e a Unión Europea, facer valer a necesidade de garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26798
Data envío: 22/02/2018 13:55:38.105

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno central para demandar a adopción, no prazo máximo de dous meses, de medidas de control e seguimento periódico do estado dos residuos radioactivos depositados na Foa Atlántica fronte á costa galega e remitir un informe semestral á Xunta de Galiza e ao Parlamento Galego.”

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26798
Data envío: 22/02/2018 13:55:38.105

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2018 13:53:47

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2018 13:53:53

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2018 13:53:56

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2018 13:54:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2018 13:54:04

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2018 13:54:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:50
Nº Rexistro: 26810
Data envío: 22/02/2018 17:50:23.342

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o incumprimento do réxime de visitas no Castelo de Ameixenda así como as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir o cumprimento da Lei de patrimonio cultural de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O "Castelo de Ameixenda é unha fortaleza levantada durante o reinado de Carlos III, no século XVIII.

Construído nunha península de 33.000 metros cadrados, sobre acantilados de 3,5 de alto, foi gardián da ría de Corcubión durante décadas.

A súa primeira pedra colocouse en 1740, e bautizárono «do Príncipe» na honra do futuro rei Carlos IV. A obra foi proxectada polo enxeñeiro Llovet e rematada por Carlos Lemaury.

O 17 de outubro de 1994, o Castelo do Príncipe era declarado Ben de Interese Cultural na categoría de monumento. Cinco anos despois, o 17 de novembro



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:50
Nº Rexistro: 26810
Data envío: 22/02/2018 17:50:23.342

de 1999, o Bng de Cee presentaba unha moción destinada a que se cumprira a lei do patrimonio histórico-artístico con respecto ao Castelo do Príncipe.

Esta iniciativa facía referencia, entre outras cuestións, á obrigatoriedade dos propietarios de abrir o edificio ao público catro veces ao mes, e á obriga do Concello de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural do citado castelo.

Non foi aquela a única ocasión na que o Bng se interesou polo asunto, mais nada cambiou desde a súa declaración, o Castelo segue pechado, o que claramente supón, a mais do incumprimento da devandita lei, a perda dun atractivo turístico no pobo importantísimo.

Malia ter exixido a Valedora do Pobo que lle fose remitida diversa documentación en relación co incumprimento da Lei de Patrimonio Cultural de Galiza, despois de ter sido denunciada a situación por parte do BNG en Cee e a Plataforma do Castelo de Ameixenda, a Xunta de Galiza non lle remitiu informe ningún incorrendo, tamén, na vulneración das súas obrigas diante da Valedora.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta as seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Incoar, coa maior celeridade posíbel, un expediente sancionador contra o propietario do Castelo de Ameixenda polo incumprimento reiterado do réxime de visitas que corresponde aos BIC de acordo coa Lei de Patrimonio cultural de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:50
Nº Rexistro: 26810
Data envío: 22/02/2018 17:50:23.342

2. Adoptar as medidas que correspondan para garantir, no menor espazo de tempo posíbel, a apertura do Castelo da Ameixenda cando menos 4 días ao mes.”

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2018 17:47:08

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2018 17:47:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2018 17:47:19



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:50
Nº Rexistro: 26810
Data envío: 22/02/2018 17:50:23.342

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2018 17:47:21

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2018 17:47:22

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2018 17:47:27

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Recentemente varios medios de comunicación fixéronse eco da posible venda do pazo de Meirás. Aínda que foi parcialmente desmentida por un membro da familia do ditador que afirmou que agora non estaba en venda pero que o estaría, a lóxica indica que unha vez morta a filla de Franco, os múltiples herdeiros quixerán vendelo o que representaría a monetarización do botín de guerra que é o que foi o pazo. Por outra parte, tamén é lóxico pensar que quixerán vendelo antes de que se podan tomar medidas xudiciais para a que Meirás pase a dominio público tal como está a pedir a sociedade galega.

Independentemente de que Meirás sexa BIC o que fai a súa venda mais complexa que a de outra propiedade, nada impide que os herdeiros o fagan, o que sería absolutamente inaceptable dado que o pazo está nas mans da familia do ditador a través de expropiacións ilexítimas e expolios.

Precisamente porque o sentido común e a lóxica indican que a vontade de vender o pazo dos herdeiros do ditador non é imposible e que isto complicaría todo o proceso para devolvelo ao dominio público, non se entende que o conselleiro de Cultura minimice o problema e fale de “trampa” dos Franco, ou desvie a atención sobre si alguén quere pagar o prezo que marquen os Franco, cando hai un acordo claro de todas as forzas políticas e institucións implicadas en este problema de non pagar absolutamente por Meirás.

A nosa visión é distinta. Ceemos que é probable que os herdeiros queiran vender Meirás, algo que non podemos permitir e que por tanto

Grupo Parlamentario

é agora mais urxente que fai uns meses ter os ditamenes da Comisión de expertos creada para establecer a estratexia xurídica que permita que o pazo de meirás pase ao dominio público, o mesmo que é necesario ter un plan de actuación se os herdeiros comezan o proceso de venda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer todos os recursos de persoal de de gasto necesarios para acelerar o traballo da Comisión de expertos encargada de analizar os mecanismos xurídicos que permitan incorporar, gratuitamente, ao patrimonio público do Pazo de Meirás no menor tempo posible.

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/02/2018 18:26:00

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/02/2018 18:26:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/02/2018 18:26:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/02/2018 18:26:20

Á Mesa do Parlamento

Os **Grupos Parlamentares do Bloque Nacionalista Galego**, dos **Socialistas de Galicia** e de **En Marea**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, para dar explicacións pola falta de diálogo e a fallida estratexia da Xunta en relación coa folga a xustiza, os motivos polos que se nega a aceptar a mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, así como a acatar o mandato unánime do Parlamento galego en relación coas reivindicacións dos traballadores e traballadoras aprobada en sesión plenaria de 4 de decembro de 2017.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea

Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 26/02/2018 12:03:00


Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/02/2018 13:10:27

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 13:16:45




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para "dar conta da proposta da Xunta dentro do proceso negociador para mellorar as condicións dos traballadores da Administración da Xustiza en Galicia".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez
(ASINADO DIXITALMENTE)

Data e hora: 27/02/2018 09:46:58

Presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

22 FEB. 2018

Núm.26708.....

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

22 FEB. 2018

SAIDA

Num.53.....

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral de Universidades para informar sobre “a situación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e o desenvolvemento do Plan de Excelencia”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para informar sobre **"o balance da Estratexia Galega de Acción Voluntaria, anualidade 2017"**.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

A Lei 5/2015, de 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, nace co obxectivo principal de garantir o respecto á calidade de vida e a dignidade das persoas enfermas terminais, identificando como factores determinantes da calidade de vida compoñentes como o benestar físico, psicolóxico ou socioeconómico.

Atópanse entre os principios básicos da Lei, a protección da dignidade da persoa no proceso final da súa vida así como a salvagarda da intimidade, confidencialidade, liberdade e vontade así como o dereito a recibir coidados paliativos integrais.

Neste sentido, resulta de especial transcendencia artigos como o 11, no que se estipula que as persoas en fase terminal teñen dereito a que se lles proporcionen os coidados paliativos no lugar que, tendo en conta as súas preferencias sexa o máis axeitado ás súas circunstancias persoais, familiares e sociais, así como a necesidade de implantar este tipo de coidados na atención domiciliaria ou a creación da Comisión Galega de Coidados Paliativos como instrumento encargado da implantación, impulso e seguimento do Plan Galego de Coidados Paliativos en todas as áreas sanitarias.

Nun sentido parecido en canto as preferencias e circunstancias se refire, o artigo 9.2 da norma, recolle a necesidade de que os centros e institucións sanitarias e socio-sanitarias garantan as mellores condicións relativas ao confort, pudor e



intimidade así como o dereito á estancia nunha habitación individual, salvo que circunstancias excepcionais o xustifique.

Con todo, vivimos actualmente un desmantelamento paulatino e programado da sanidade pública, polo que moitos dos dereitos asistenciais da poboación galega están sendo atacados polas políticas do Goberno en materia de sanidade. Os dereitos recollidos nesta Lei non son menos e tanto pacientes como profesionais están a denunciar incumprimento de preceptos legais contidos na norma.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Que seguimento está a facer a Consellería de Sanidade sobre o grao de cumprimento da Lei?
- Que din os informes la Comisión Galega de Coidados Paliativos sobre a implantación e seguimento do Plan Galego de coidados paliativos nas áreas sanitarias?
- Cales son as adaptacións que fixo o Sistema Público de Saúde para integrar os coidados paliativos de maneira estruturada e homoxénea no territorio?
- Que medidas está tomando a Consellería para garantir a atención sanitaria legalmente establecida?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/02/2018 18:40:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

As desigualdades no reparto dos tempos do traballo reprodutivo entre homes e mulleres segue a estar moi presente no noso País. De xeito moi maioritario, as coidadoras seguen tendo nome de muller.

Segundo datos da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia, no ano 2016, o 91% das excedencias para o coidado das crianzas foron solicitadas por mulleres, o mesmo que o 79,8% no caso do coidado doutros familiares.

Das 14.522 prestacións por maternidade só no 2,5 % dos casos o perceptor foi o pai.

Datos que evidencian que nos queda moito por avanzar para conquistar igualdade nesta cuestión.

Isto, engadido ás maiores taxas de precariedade no traballo asalariado fai que, as mulleres representen o 65% da poboación mundial que tendo alcanzado idades previstas pola lexislación para recibir unha pensión de xubilación non a reciben.

A diferenza salarial das pensións tamén é moi notoria. Mentres os homes galegos perciben unha contía media de 1041 euros, as mulleres perciben de media só 647 euros, presentándose unha diferenza dun 38%.

Precisamos dunha transformación que atinxa o conxunto da sociedade e das súas estruturas, un cambio que excede os límites das propias administracións públicas,



pero que tamén debe atravesar a estas. Na actualidade o papel da Xunta de Galicia respecto a estas desigualdades estruturais non é o axeitado.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos ao respecto das desigualdades no reparto do traballo reprodutivo? Que medidas está pondo en marcha para reducir estas?
2. Contabiliza, a Xunta de Galicia, dalgún xeito o valor social e económico deste traballo? De ser afirmativa a resposta, de que xeito se fai?
3. Cando se realizou por parte da Xunta de Galicia o último estudo sobre o uso dos tempos nos fogares?
4. Que medidas levaron a cabo neste ano en relación ao VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020?
5. Considera a Xunta de Galicia que este Plan vai servir para dar resposta ás desigualdades que se dan entre homes e mulleres no reparto dos tempos de traballo?
6. Que avances se deron para a elaboración do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade anunciado neste Plan?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/02/2018 09:51:34

Marcos Cal Ogando na data 19/02/2018 09:51:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Asistimos non fai moito tempo a gravísimas situacións de vulneración do dereito á saúde sexual e reprodutiva das mulleres así como ao dereito da interrupción do embarazo, con derivacións fóra do territorio galego, provocando verdadeiros riscos para a saúde das mulleres afectadas.

Todo isto nun contexto de desmantelamento progresivo de servizos públicos que teñen afectado de xeito moi duro ao dereito á saúde así como axudado a aumentar aínda máis a desigualdade existente entre homes e mulleres, sendo as mulleres as que sempre teñen máis que perder.

Pero ademais da saúde sexual e reprodutiva ou as enfermidades xinecolóxicas, en materia sanitaria a atención á saúde das mulleres, tamén debe terse en conta en enfermidades comúns que poden manifestarse con signos e síntomas diferentes, así como no estudo de factores sociais e culturais que afectan tanto física como psiquicamente ás mulleres, debendo ser reforzado todo isto con recursos públicos suficientes que permitan dar cumprimento aos plans elaborado, coa finalidade de mellorar en conxunto a saúde das mulleres.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1.-Ten informes a Consellería de Sanidade sobre o grao de cumprimento do Plan Integral de asistencia ás mulleres?

- 2.- Cales foron os recursos e mecanismos dos que se dotou ao SERGAS para poñer en marcha dito Plan?
- 3.- Que medidas tomou o Goberno galego para garantir a interrupción voluntaria do embarazo e os dereitos sexuais e reprodutivos nos centros da rede sanitaria pública?
- 4.- Cando pensan cubrir as demandas dos Centros de Saúde de Atención Primaria, especialmente no rural?
- 5.- Como se está a aplicar o plan de asistencia ás mulleres no ámbito da Atención Primaria?
- 6.- Como se está a aplicar o plan de asistencia ás mulleres no ámbito da Atención Especializada?
- 7.- Que medidas vai garantir o Goberno para dar cumprimento ás prestacións no servizo público en materia de saúde sexual e reprodutiva e planificación familiar?
- 8.- Que política está levando a cabo a Consellería de Sanidade en materia de anticonceptivos e métodos de prevención de transmisións de enfermidades sexuais para as mulleres?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2018 10:07:45

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre a conservación do centro educativo Isidora Riestra de Poio.

Recortes reiterados e abandono, eses foron os dous piares da política do Partido Popular respecto á conservación e mantemento dos centros educativos do país.

Unha partida que pasou de algo máis de 11 millóns e medio de euros en 2008, a 4.650.000 euros nos últimos orzamentos, que en termos reais, isto é descontando as variacións do IPC, supón case un 70% menos. Un 70% menos que se traduce en aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo, cubertas que seguen tendo amianto e, en definitiva, ausencias graves de infraestrutura escolar nun parque educativo que acumula, de media, corenta anos de idade.

Idade que ten o Centro de Infantil e Primaria Isidora Riestra de Poio no que, tal e como denuncia a ANPA, non se fixeron investimentos relevantes nos últimos anos de xeito que se van acumulando os problemas. O último foi a caída do falso teito dunha aula de desdobre. Caída que desatou todas as alarmas e que vén a sumarse a toda unha restrita de demandas de melloras necesarias como: o cambio de ventás, a dotación dun patio cuberto, o cambio da caldeira ou o acondicionamento do ximnasio.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. É consciente o Goberno galego das consecuencias que pode ter para a seguridade do alumnado o escaso investimento en mantemento das escolas?



2. Ten previsto o goberno galego atender as demandas de mellora mencionadas?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/02/2018 18:34:30

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/02/2018 18:34:39

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A política de cohesión, que representa máis dunha terceira parte do presuposto total comunitario, converteuse nunha ferramenta esencial para a consecución dos obxectivos da Unión Europea, dos que Galicia se viu beneficiada claramente, podendo contar con máis de 4.000 millóns de euros repartidos nos diferentes Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, FEADER e FEMP) para o período 2014-2020.

Entre os obxectivos que a Unión pretendía alcanzar en 2020 atópanse cuestións fundamentais como o crecemento económica, a creación de emprego, a loita contra o cambio climático, a dependencia enerxética, a redución do abandono escolar, a pobreza, a exclusión social e o fortalecemento da cohesión económica, social e territorial dentro da UE a través da corrección dos desequilibrios entre as diferentes rexións europeas. Na medida de consecución destes obxectivos, a UE estableceu tres tipos de rexións: rexións menos desenvolvidas, rexións en transición e rexións máis desenvolvidas que, na actualidade, é onde se atopa Galicia e a maioría das comunidades autónomas do resto de España.

Este mes, febreiro de 2018, a Comisión Europea informou dalgúns dos escenarios posibles para os próximos presupostos europeos no período 2021-2027, nos cales Galicia, ou ben podería manter os fondos actuais ou ben podería perder unha parte ou, nunha situación extrema, incluso a súa totalidade. Son os diferentes escenarios expostos pola equipa de Jean Claude Juncker co comisario alemán de Orzamentos Günther Oettinger á cabeza. Isto é debido a varios factores, entre os que atopamos o Brexit (15.000 millóns de euros que deixarse de investir nas arcas comunitarias), o cada vez maior sentimento nacionalista de moitos dos diferentes Estados e as novas prioridades e obxectivos da organización supranacional.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os ditos novos obxectivos serían o control da inmigración, a mellora da protección e seguridade común (encamiñado á creación dun exército europeo e unha garda europea de costas e fronteiras), máis orzamento para o Erasmus Plus, maiores programas de investigación e innovación (cofinanciados cos Estados) e a transición dixital en bloque. En palabras do propio comisario, a Comisión Europea soamente quere “investir en aquilo que produza valor engadido”, tal e como a súa vez recolle no Documento de Reflexión sobre o futuro das finanzas da UE.

Ante este panorama, o Goberno da Xunta de Galicia debe actuar ca dilixencia necesaria posto que os fondos europeos representaron -e teñen que representar tamén para o futuro-, unha fonte de ingresos importante que é necesario resgardar e defender. Ademais debe provocar unha modificación no seu caso dos obxectivos para aproveitar as oportunidades en canto ás actividades que produzan un maior valor engadido.

Por todo o anterior, o deputados e a deputada que asinan interpelean o Goberno galego nos seguintes termos:

Que estratexia vai seguir o Goberno galego de cara á consecución da maior contía posible dos Fondos Europeos para Galicia ?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/02/2018 19:25:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/02/2018 19:26:00

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O problema das esperas e demoras para consultas, probas diagnósticas, recepción de resultados ou cirurxía supón un dos graves problemas do sistema que empeora a calidade da atención, minora as posibilidades de solucionar problemas asistenciais e distancia a percepción da cidadanía sobre a eficiencia do sistema. Así se evidencia nas valoracións das persoas usuarias, como se amosa no barómetro sanitario que publica o CIS, onde se vén sinalando que o sistema galego está avaliado como o terceiro peor de todas as comunidade autónomas de España, segundo a cidadanía que o utiliza. Un dos elementos peor valorados está nas listas de espera.

A pesares desta cuestión, existe un triunfalismo comunicativo dende a xestión da Xunta de Galicia, especificamente na Consellería de Sanidade, sobre a cuestións das esperas. Non entanto, as continuas informacións que por diversas vías se coñecen día tras día evidencian que é un triunfalismo infundado, e que a realidade amosa dimisións de profesionais dos seus cargos de responsabilidade por non ser escoitados, demandas de máis especialistas para solventar o problema, ofrecementos de solucións para sanear a cuestión que reciben a calada por resposta, existencia de listas de espera ocultas, doentes sen citar...

As constantes citas con esperas inadmisibles que son coñecidas vía parlamentaria, por medios de comunicación ou reclamadas polas persoas usuarias polo procedemento que o Sergas abre para queixas, son tildadas dende a consellería como anécdotas, o que evidencia unha dificultade para recoñecer a existencia dun problema.

Neste contexto, o sistema sanitario público continúa a sufrir un problema grave de déficit de persoal, que supón unha chave fundamental para comprender o deterioro que se está a padecer no eido sanitario de Galicia. A existencia dunha eventualidade moi ampla (1 de

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

cada 5 postos laborais presupostadas como estatutarios é ocupado de maneira eventual), e a precarización do traballo sanitario que xa é amplamente coñecido polos profesionais e moitos usuarios e usuarias (numerosos contratos por días ou por horas, imprevisibilidade, condicións laborais que impiden estabilidade persoal...), banaliza a importancia do traballo dos profesionais sanitarios e limita as súas capacidades, cercenadas polas condicións e dificultades para exercer en plenitude o seu traballo e, polo tanto, de ofrecer toda a calidade asistencial precisa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que fai o suficiente para resolver o problema das listas de espera existentes no sistema sanitario de Galicia?
2. Teñen todos as persoas pacientes en agarda unha cita xa marcada para a atención que lles procede recibir (diagnose, consulta, cirurxía) no Sergas? Cantas persoas están sen unha cita marcada para recibir a súa atención? Cal é o tempo medio de espera dun doente por unha cita marcada no Sergas?
3. Cal é o número de persoas que foron derivadas a centros concertados no ano 2016 e 2017 en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias? Cal é o custo medio que pagou a Xunta de Galicia por intervención cirúrxica derivada a un centro concertado en 2016 e 2017? Cal é o prezo máximo que a Xunta de Galicia pagou por unha intervención cirúrxica derivada a un centro concertado en 2016 e 2017?
4. Que tipo de relación considera a Xunta de Galicia que existe entre o número de profesionais no sistema sanitario e as listas de espera existentes?
5. Considera a Xunta de Galicia que ten activas todas as solucións dispoñibles para alixeirar as listas de espera na medida correcta?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2018 11:36:14

Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2018 11:36:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O gasto que a Consellería de Sanidade dedica á atención sanitaria con medios alleos vai orientada, en boa parte, ás derivacións que o sistema sanitario público fai cara os centros concertados amparándose no cumprimento da Lei de garantía de prestacións sanitarias, especificamente no que corresponde aos tempos máximos de espera por unha intervención cirúrxica.

En paralelo a isto, o déficit de persoal existente no sistema sanitario, alertado polos sindicatos e colectivos médicos, por numerosos profesionais, por xefes de servizo, asociacións de persoas usuarias, partidos políticos, colectivos de pacientes e outras entidades, afonda neste problema e contribúe a agravalalo notoriamente. Así, as persoas usuarias do sistema o cualifican como o terceiro peor dos sistemas sanitarios de todas as comunidades autónomas de España, segundo o barómetro sanitario publicado polo CIS no que se avalía a situación dos sistemas sanitarios. Especialmente os usuarios e usuarias apuntan ás listas de espera como un dos graves problemas que non se está a resolver.

Resulta necesario para o sistema sanitario facer unha análise profunda, con todos os datos e información posible, para poder construír solucións que permitan mellorar o sistema na súa eficiencia e na súa calidade asistencial. Non entanto, a Consellería de Sanidade dificulta o acceso a todos os datos necesarios, e apenas ofrece posibilidades de obtelos, negando información e a súa difusión, como foi proposto en numerosas ocasións no Parlamento de Galicia e como sinala o Consello de Contas no seu informe publicado en 2017, apuntando que resulta difícil facer unha avaliación completa e plenamente confiable da execución e planificación orzamentaria, debido á confusión e opacidade que a contabilidade da consellería presenta.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantas persoas foron derivadas dende o sistema sanitario público a un centro concertado en 2017 para ser intervidos cirurxicamente?
2. Cantas persoas foron derivadas dende o sistema sanitario público a un centro concertado en 2016 para ser intervidos cirurxicamente?
3. Que custo supuxeron para a Xunta de Galicia as derivacións de intervencións cirúrxicas dende o sistema público cara os centros concertados en 2016 e 2017?
4. Cal é o custo medio por caso que as intervencións cirúrxicas feitas por centros concertados como consecuencia de derivacións dende o sistema sanitario público tiveron para a Xunta de Galicia nos anos 2016 e 2017?
5. Cal foi o custo máximo pagado pola Xunta de Galicia por unha intervención cirúrxica feita por centro concertado como consecuencia de derivación dende o sistema público tiveron para a Xunta de Galicia no ano 2016 e 2017?
6. Que número de casos foron derivados dende o sistema sanitario público a cada centro concertado de Galicia? Que custo medio por caso foi pagado a cada centro concertado por estes casos derivados? Que centro concertado recibiu o caso máis custoso para o sistema sanitario público?
7. Que número de casos foron derivados dende cada EOXI, cada centro hospitalario e cada servizo de cada centro? A que centros concertados se derivan os casos de cada un dos servizos do sistema sanitario público?

 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2018 12:36:02

Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2018 12:36:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Os datos do IV trimestre sobre a enquisa de poboación activa (EPA), amosan un forte freo no ritmo de creación de emprego e un moi cativo incremento da poboación ocupada de só 6.200 persoas (1.049.600 IVT2016 - 1.055.800 IVT 2017), un dos máis baixos de todas as comunidades autónomas. Así mentres o aumento xeral en España ascendeu a un aumento da poboación ocupada de 490.300 persoas, a contribución de Galicia foi apenas do 1,3 % soamente. Todo iso con taxas de crecemento similares para España e para Galicia, que (pendentes das cifras oficiais) se deben situar no entorno do 3,1 % en termos de PIB.

Se a taxa de actividade en Galicia non sofre un maior descenso, se debe á alarmante baixada da poboación total da nosa Comunidade. Os últimos datos amosan que Galicia ten unha poboación de 2.708.339 habitantes (IGE 01.01.2017), o que supón una perda de 10.186 persoas respecto a 2016; se comparamos a poboación dos tramos de idade de 20 a 64 anos, a perda de poboación ascende ás 15.105 persoas. Datos que poñen de manifesto unha perda maior de poboación en idade produtiva respecto do total.

Todo o cal configura unha situación preocupante, ao que sen dúbida cabe engadir a precariedade do (escaso) traballo creado no último ano, ante a cal a Xunta de Galicia non está a facer fronte coa debida atención.

Á vista destas cuestións a deputada e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Como pode o Goberno galego facer unha valoración positiva de tales datos?

2ª) Cales son as políticas activas de emprego que aplicou a Xunta de Galicia para favorecer o crecemento da poboación ocupada no noso país no exercicio do 2017?

Grupo Parlamentario

3ª) Vai proseguir coas mesmas políticas en 2018 ou promoverá cambios nelas, se for o caso, cales e en que prazos e contías?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Cales son os resultados que pretende acadar o Goberno galego coa aplicación das políticas activas de emprego para este exercicio de 2018?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2018 11:43:46

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/02/2018 11:43:53

Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2018 11:44:00

Á MESA DO PARLAMENTO


Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Na Unión Europea comeza a abrirse o debate sobre os Fondos de Cohesión do período 2020-2027 e os criterios de reparto dos mesmo entre os distintos países membros. Os diferentes escenarios que se presentan para Galicia son negativos, dos tres escenarios posibles que baralla a Comisión Europea, dous deles supoñen que Galicia non recibirá máis fondos, e o terceiro, supón a continuación do status quo actual.

Na actualidade Galicia benefíciase de tales fondos como *nuts2* en transición que é considerada, isto é, rexión onde a renda per cápita sitúase entre o 75% e o 100% da media europea. Deste xeito, Galicia, vai recibir un total de 2.771 millóns de euros polo actual marco 2012-2020.

Os fondos recibidos por Galicia tiñan e teñen un obxectivo claro, asegurar a converxencia económica entre os diferentes territorios no proceso de integración económica da Unión Europea. Os datos amosan que antes da crise, os fondos recibidos por Galicia axudaron a promover a converxencia económica, situándose Galicia no ano 2009 no 84% da media europea en termos de renda per cápita.

Evolución renda per cápita de Galicia en base á media da UE. 2000-2015



Fonte: Eurostat.

Mais o impacto da crise e das políticas de axuste, fixeron reverter este proceso: agora xa non hai converxencia, senón diverxencia. A renda per cápita de Galicia con respecto á media europea, sitúase hoxe en niveis do ano 2003.

Na actualidade Galicia atópase nunha complexa situación económica-social que fai cuestionar profundamente, en primeiro lugar, en que se baseou dito proceso de converxencia, e en segundo lugar, o propio proceso de integración económica da unión Europea.

A retirada dos fondos a Galicia supón afondar na crise na que está inmersa e que se resume principalmente nos seguintes puntos.

1. O mais evidente é o aumento da diverxencia económica rexional que se da a partir do comezo da crise. En apenas cinco anos, Galicia pasou de situarse no 84% da media europea en renda per cápita ao 71%, un descenso de 14 puntos.
2. Galicia afronta un reto demográfico sen precedentes. O noso territorio xunto con Castela León e Asturias, están inmersos nun proceso de

implosión demográfica. Reverter esta situación, precisa dunha considerable intervención do sector público que teña a capacidade de mobilizar un considerable volume de recursos económicos.

3. O conxunto de España e en particular Galicia, seguen nun proceso de forte contención do gasto público e polo tanto de falta de suficiencia de recursos. Os Fondos Europeos representan como media nos orzamentos de ingresos da Xunta de Galicia, o 5,3% do total. Deste xeito a eliminación de tales fondos implicaría seguir afondando na política de contención de gasto público, xa que a insuficiencia de recursos veríase notablemente incrementada.
4. Finalmente, durante os últimos anos a Unión Europea está inmersa nun forte proceso de inestabilidade política e social; o Brexit , gobernos de ultradereita nos países do este, a ameza continua da ultradereita en Francia e nos países do norte de Europa, os refuxiados, centenares de mortes de seres humanos tratando chegar a Europa, o incremento da desigualdade social de forma constante, etc. Así pois, o risco de que estes conflito sigan perpetuándose ou incluso agravándose, debido a unha retirada dos fondos, pode incrementarse substancialmente.

Ante o exposto previamente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación.

1. Como valora a Xunta que Galicia quede sen Fondos europeos a partir do ano 2020?
2. Como valora a Xunta o impacto que terá nos orzamentos de Galicia a retirada de tales fondos?
3. Ten a Xunta estimado o impacto que terá esta retirada dos fondos nos diferentes sectores económicos de Galicia?
4. Ten a Xunta deseñada unha estratexia para compensar a perda de tales fondos?



5. Vai a Xunta trazar unha estratexia para que Galicia siga sendo perceptora de Fondos?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 22/02/2018 11:39:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26796
Data envío: 22/02/2018 13:55:20.606

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

O Parlamento Galego aprobou no ano 2006, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado. Porén, durante os anos de goberno Feijóo non ten estado na axenda do goberno do Partido Popular apostar por evitar de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións. Máis aínda, a luz dos últimos acontecementos coñecidos, obsérvase unha falta de preocupación polos riscos que o noso país poida estar a padecer derivados da falta de control sobre o transporte e depósito dos residuos nucleares, nomeadamente no tránsito polo noso territorio mariño.

A finais de 2017 cumpríronse os 35 anos do fin das verteduras de refugallos de orixe nuclear na chamada Foxa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26796
Data envío: 22/02/2018 13:55:20.606

soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do noso medio e das nosas persoas. Máis aínda, conséntase o mesmo desatendemento por parte do Partido Popular no Estado, quen en 2012 rexeitou unha petición do Bloque Nacionalista Galego no Congreso para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

Recentemente coñecemos como o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugallos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña, a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, lóxicamente, estes refugallos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

Segundo o Artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galiza correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado na materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Polo tanto, nesta cuestión e diante do desatendemento por parte do Estado central, Galiza debe actuar e exercer o seu poder político para, tanto no ámbito do seu traballo como nas negociacións e colaboracións co goberno central e a Unión Europea, facer valer a necesidade de garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26796
Data envío: 22/02/2018 13:55:20.606

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

-Coñece o goberno galego a quen corresponde a vixilancia das verteduras de refugallos nucleares producidas nas proximidades da costa galega?

-Ten coñecemento o goberno galego da situación de falta de vixilancia descrita? Que actuacións levou a cabo para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza?

-Coñece o goberno galego cales son os estudos máis recentes sobre a situación destas verteduras?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen un risco para a saúde das persoas?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen ningún tipo de risco ou afectación para o medio mariño?

-Ten garantidas a Xunta de Galiza as condicións de seguridade para o tráfico mariño?

-Que informes ten demandado o goberno galego sobre esta cuestión ao goberno central nos últimos 5 anos? E a organismos europeos?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26796
Data envío: 22/02/2018 13:55:20.606

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2018 13:53:22

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2018 13:53:27

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2018 13:53:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2018 13:53:30

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2018 13:53:31

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2018 13:53:33

Á MESA DO PARLAMENTO

Magdalena Barahona Martín, deputada do Grupo Parlamentar **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

O tempo dedicado a producir e reproducir a vida humana é o traballo humano, unha actividade básica de mulleres e homes que dende as nosas orixes temos que facer para poder subsistir.

O conflito de xénero é un conflito de orde social xerado por un anacrónico e sexista reparto desas actividades de subsistencia, o cal vai a ter un extraordinario impulso de reforzamento co capitalismo e a industrialización.

Neste marco, de pouco máis de dous séculos de vida do capitalismo, o traballo pasa a ser identificado co emprego e actividades mercantilizadas, excluindo as actividades de reprodución social, que non teñen lugar no mercado e si na familia, pasando a muller a asumir a carga total ou principal de tempo do traballo colectivo. Pero o tempo, tempo da vida, é organizativo e estrutural e non se pode arranxar individualmente, non é un conflito privado.

Deste xeito, o sistema do capital herda a organización e segregación de xénero histórica e intégraa en interese propio: o prezo de “facer persoas” e “reproducir traballadores e traballadoras” é un custo moi baixo, xa que recae sobre a muller e dentro da familia. Isto implica máis prexuízos engadidos: cando a muller recorre ao mercado de traballo, e dada a súa dependencia a coste (socialmente) cero do traballo reprodutivo, vai a configurar unha maior carga de explotación que o home dentro do mercado laboral: os sectores nos que o xénero feminino ten unha maior presenza, servizos principalmente, son os máis precarizados, peores



salarios, menor mobilidade social interna e, consecuentemente, peores pensións, etc.

Se ao anteriormente exposto se lle engade os cambios sociais estruturais derivados do feito do progreso da esperanza de vida, do envellecemento poboacional, da crise xeneralizada, e do recorte do Estado de Benestar, son os fogares os que teñen que soste a forte caída do gasto público e as mulleres, maioritariamente, as que pasan a ser de novo as encargadas do “traballo de coidados” (aumentando a súa carga coa poboación dependente). Polo tanto, todo isto repercute nun maior retroceso das condicións de vida da muller e afonda na súa dependencia e subordinación respecto do home, reafirmando a relación patriarcal como marco da súa identidade social e marxinação socio histórica.

Se o traballo é a actividade de homes e mulleres para subsistir, por que a muller ten que asumir a carga maioritaria do traballo colectivo?

Para enmarcar o impacto xeneralizado desta inxusta situación, pódense expoñer os seguintes datos:

- Mentres que 6 de cada 10 homes son activos, soamente hai 4,5 de cada 10 mulleres en disposición de traballar. É, ademais, unha taxa descendente nos últimos anos da crise.
- O índice de envellecemento é hoxe de 153,6 fronte á 37,5 de 1975. É dicir, a necesidade de responder ao tempo do traballo que se precisa para atender as persoas non pode recaer a coste cero nas mulleres.
- A fenda salarial indica que o home gaña 1,25 veces máis ca muller que, para o caso de Galicia, supón que esta ten a obriga de cotizar 10 anos máis que o home para poder chegar á xubilación con igual pensión.

Aínda que poida ser certa que se produciu certa converxencia destes indicadores nos últimos anos, non é menos certo que dita converxencia deriva da precarización do traballo, tanto dos homes como das mulleres, que fai que se



produza certa igualación á baixa, ou unha converxencia cara a pobreza salarial xeneralizada, polo que non hai unha real redución da fenda salarial de xénero.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En marea, presenta a seguinte Interpelación:

1. Como valora a Xunta a desigualdade que sofre a muller na súa total transversalidade?
2. Que políticas levou a cabo a Xunta para tratar de corrixir, a nivel estrutural e non parcialmente, esta desigualdade constante que sofre a muller?
3. Ante os cambios da realidade actual, que vai facer o Goberno galego para garantir o cumprimento dos dereitos da muller?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Magdalena Barahona Martín

Deputada do G.P. de En Marea.

Santiago de....

Asinado dixitalmente por:

Magdalena Barahona Martín na data 22/02/2018 16:16:13

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727